Sobre as axudas públicas aos produtores agrarios nos momentos de dificultades polas condicións do mercado

- 54500 (11/INT-002638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o mantemento da calidade das infraestruturas nos centros de atención a persoas con discapacidade



- 54511 (11/INT-002639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre a atención sanitaria nos puntos de atención continuada

- 54524 (11/INT-002640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre as axudas económicas ante a inflación a familias vulnerables con integrantes que padecen discapacidades

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 19 de xuño de 2023, polo que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado pola deputada Dª María González Albert, como consecuencia da súa toma de posesión como alcaldesa do Concello da Rúa

Examinase a resolución de toma de posesión (doc. núm. 54574) na que se acredita que o día 17 de xuño de 2023 tomou posesión como alcaldesa do Concello da Rúa a deputada do Parlamento de Galicia Dª María González Albert, pertencente ao G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

A Presidencia, tendo en conta que a próxima reunión da Mesa está prevista para o día 20 de xuño de 2023, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Declarar vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Ourense na lista do Bloque Nacionalista Galego, pola deputada Dª María González Albert como consecuencia da súa toma de posesión como alcaldesa do Concello da Rúa, de conformidade co disposto no artigo 6.3.b) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

2º. Notificar o presente acordo á interesada, á portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, á Xunta Electoral de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos, aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que esta resolución produce plenos efectos desde o día 17 de xuño de 2023.



3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 19 de xuño de 2023, polo que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado polo deputado D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, como consecuencia da súa toma de posesión como alcalde do Concello de Soutomaior

Examinase a resolución de toma de posesión (doc. núm. 54571) na que se acredita que o día 17 de xuño de 2023 tomou posesión como alcalde do Concello de Soutomaior o deputado do Parlamento de Galicia D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, pertencente ao G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

A Presidencia, tendo en conta que a próxima reunión da Mesa está prevista para o día 20 de xuño de 2023, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Declarar vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Pontevedra na lista do Bloque Nacionalista Galego, polo deputado D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral como consecuencia da súa toma de posesión como alcalde do Concello de Soutomaior, de conformidade co disposto no artigo 6.3.b) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

2º. Notificar o presente acordo ao interesado, á portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, á Xunta Electoral de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos, aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que esta resolución produce plenos efectos desde o día 17 de xuño de 2023.

3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 19 de xuño de 2023, polo que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado pola deputada D^a Marta Nóvoa Iglesias, como consecuencia da súa toma de posesión como alcaldesa do Concello de San Cibrao das Viñas

Examinase a resolución de toma de posesión (doc. núm. 54572) na que se acredita que o día 17 de xuño de 2023 tomou posesión como alcaldesa do Concello de San Cibrao das Viñas a deputada do Parlamento de Galicia D^a Marta Nóvoa Iglesias, pertencente ao G. P. Popular de Galicia.

A Presidencia, tendo en conta que a próxima reunión da Mesa está prevista para o día 20 de xuño de 2023, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Declarar vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Ourense na lista do Partido Popular de Galicia, pola deputada D^a Marta Nóvoa Iglesias como consecuencia da súa toma de posesión como alcaldesa do concello de San Cibrao das Viñas, de conformidade co disposto no artigo 6.3.b) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

2º. Notificar o presente acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Xunta Electoral de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos, aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que esta resolución produce plenos efectos desde o día 17 de xuño de 2023.

3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 19 de xuño de 2023, polo que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado polo deputado D. José Manuel Rey Varela, como consecuencia da súa toma de posesión como alcalde do Concello de Ferrol

Examinase a resolución de toma de posesión (doc. núm. 54575) na que se acredita que o día 17 de xuño de 2023 tomou posesión como alcalde do Concello de Ferrol o deputado do Parlamento de Galicia D. José Manuel Rey Varela, pertencente ao G. P. Popular de Galicia.



A Presidencia, tendo en conta que a próxima reunión da Mesa está prevista para o día 20 de xuño de 2023, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Declarar vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado, pola circunscrición electoral da Coruña na lista do Partido Popular de Galicia, polo deputado D. José Manuel Rey Varela como consecuencia da súa toma de posesión como alcalde do Concello de Ferrol, de conformidade co disposto no artigo 6.3.b) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

2º. Notificar o presente acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Xunta Electoral de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos, aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que esta resolución produce plenos efectos desde o día 17 de xuño de 2023.

3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 19 de xuño de 2023, polo que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado polo deputado D. Ovidio Rodeiro Tato, como consecuencia da súa toma de posesión como alcalde do Concello de Boqueixón

Examinase a resolución de toma de posesión (doc. núm. 54573) na que se acredita que o día 17 de xuño de 2023 tomou posesión como alcalde do Concello de Boqueixón o deputado do Parlamento de Galicia D. Ovidio Rodeiro Tato, pertencente ao G. P. Popular de Galicia.

A Presidencia, tendo en conta que a próxima reunión da Mesa está prevista para o día 20 de xuño de 2023, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Declarar vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado, pola circunscrición electoral da Coruña na lista do Partido Popular de Galicia, polo deputado D. Ovidio Rodeiro Tato como consecuencia da súa toma de posesión como alcalde do Concello de Boqueixón, de conformidade co disposto no artigo 6.3.b) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.



2º. Notificar o presente acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Xunta Electoral de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos, aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que esta resolución produce plenos efectos desde o día 17 de xuño de 2023.

3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.

5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 19 de xuño de 2023, polo que se declara vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado polo deputado D. Daniel Vega Pérez, como consecuencia da súa toma de posesión como alcalde do Concello de Ribadeo

Examinase a resolución de toma de posesión (doc. núm. 54576) na que se acredita que o día 17 de xuño de 2023 tomou posesión como alcalde do Concello de Ribadeo o deputado do Parlamento de Galicia D. Daniel Vega Pérez, pertencente ao G. P. Popular de Galicia.

A Presidencia, tendo en conta que a próxima reunión da Mesa está prevista para o día 20 de xuño de 2023, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Declarar vacante por incompatibilidade sobrevida o escano ocupado, pola circunscrición electoral de Lugo na lista do Partido Popular de Galicia, polo deputado D. Daniel Vega Pérez como consecuencia da súa toma de posesión como alcalde do Concello de Ribadeo, de conformidade co disposto no artigo 6.3.b) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

2º. Notificar o presente acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, á Xunta Electoral de Galicia, á Intervención e Asuntos Económicos, aos Servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que esta resolución produce plenos efectos desde o día 17 de xuño de 2023.

3º. Notificar a presente resolución á Xunta Electoral de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Dar conta da presente resolución á Mesa do Parlamento de Galicia na vindeira reunión que teña lugar.



5º. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 19 de xuño, pola que se admite a trámite o escrito da portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 4ª, Educación e Cultura (doc. núm. 54582)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 54582, o escrito da portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento do seguinte cambio na representación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego na seguinte comisións parlamentaria:

— Comisión 4ª, Educación de Cultura

Baixa: Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Alta: Carmela González Iglesias

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza**.

Exposición de motivos

A regulación vixente do réxime electoral de Galiza contén elementos básicos do réxime electoral xeral adoptado no Estado español que proceden de decisións adoptadas no período da transición, nun contexto político e social moi diferente ao actual e nun marco institucional definido pola estrutura centralista do Estado. Algúns foron incorporados á regulación estatutaria, como é o caso do establecemento da circunscrición provincial. Outros, foron directamente introducidos na Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza, cunha regulación case idéntica á establecida na normativa electoral xeral, malia referirse a aspectos básicos da organización e procedemento electoral propios de Galiza, que polo tanto non forman parte do núcleo básico da regulación do exercicio de dereito de sufraxio, e sobre os que Galiza ten unha maior marxe de regulación autónoma.

A evolución do sistema electoral en Galiza amosou unha serie de eivas que fan preciso dunha reforma que reflicta no ámbito representativo dun xeito máis acaído a realidade da pluralidade e diversidade política existente en Galiza, e que ademais avance nunha mellora da participación política.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sistema electoral é unha peza fundamental de calquera nación democrática, e por iso, canto máis acorde sexa a representación institucional concretada de acordo cos criterios establecidos no mesmo co pluralismo político, maior perfección existirá. O respecto ao pluralismo político é unha das pedras angulares da democracia, polo que a reforma do réxime electoral de Galiza que se propón pretende sobre todo adecuar o sistema electoral vixente para que haxa un reflexo directo, polo menos o máis directo posíbel, entre a pluralidade política e representación parlamentaria.

A presente reforma do sistema electoral que se pretende impulsar contén as modificacións que resultan inaprazábeis para mellorar a calidade democrática do sistema político galego.

Como novidades nesta proposición de reforma da normativa electoral galega, introdúcese a ampliación do dereito de sufraxio activo aos maiores de 16 anos, ao ser a idade na que se considera que existe capacidade de consentimento activo noutros eidos do dereito, polo que tamén ha de considerarse que está presente para exercer o voto de formar consciente.

A outra novidade relevante refírese á regulación das campañas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galiza, xa que precisa de adaptacións e innovacións ás transformacións que se deron no eido da comunicación ao longo das últimas décadas. Dun xeito especial, as mudanzas foron vertixinosas nos anos recentes, coa proliferación de medios e formatos audiovisuais que cada vez teñen unha maior incidencia na difusión mediática.

Os procesos electorais non son alleos a eses cambios profundos, cunha maior presenza de persoas candidatas e das mensaxes das formacións políticas en medios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

audiovisuais. Malia iso, a normativa electoral vixente en Galiza segue ancorada na regulación adoptada desde o momento da súa aprobación inicial no ano 1985, regulando exclusivamente, no que atinxe ao emprego dos medios da televisión e da radio públicas galegas, a emisión de espazos de propaganda electoral gratuíta por parte das formacións políticas en función da representatividade electoral.

Por iso, tamén se afronta un avance na regulación no que atinxe ao emprego de medios públicos de comunicación social na campaña electoral, a fin de asegurar unha presenza maior da campaña electoral en ditos medios para ampliar a difusión das propostas sen que se incremente o custo das campañas electorais e tamén garantir a existencia de debates obrigatorios en horario de máxima audiencia entre as candidaturas para configuralo como un dereito da cidadanía a asistir á confrontación directa dos programas electorais e evitando con iso que fique a vontade das candidaturas.

O mandato vixente aos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza para que reflexen “o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galiza”, ha de ter un correlato nas campañas electorais, non abondando con que haxa coberturas informativas singulares, aprobadas polo órgano de dirección do ente público audiovisual, senón que debe haber unha garantía legal para asegurar a presenza de espazos de debate político aberto en horario de máxima audiencia entre as distintas opcións políticas representativas que concorren ás eleccións, alén de entrevistas cos principais candidatos e candidatas, tanto a nivel xeral como en desconexión nas correlativas circunscricións.

Esta ampliación da cobertura informativa que se demanda, desde a propia información até os debates e entrevistas, é coherente coa finalidade que inspirou a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reforma da lexislación electoral xeral (Lei Orgánica 2/2011, do 28 de xaneiro), onde na exposición de motivos se afirma a vontade de que haxa “unha maior incidencia na exposición e debate dos programas e propostas concretas que cada partido propoña” (aptdo. IV), e ademais coa propia evolución da comunicación, pois estes formatos constitúen o medio máis eficaz para atinxir o obxectivo de conectar ao electorado cos representantes políticos das distintas candidaturas

Paralelamente, a maior presenza da campaña electoral, a través da difusión directa das mensaxes políticas por parte das persoas candidatas directamente nos medios públicos de comunicación audiovisual, garante un maior alcance da mensaxe, o que permitiría tamén reducir outras formas de propaganda electoral (cartelaría, publicidade en soportes comerciais, mailing electoral, etc) que se subvencionan con fondos públicos.

Por último, tamén se adecúa a regulación relativa á realización do escrutinio xeral á prevista na última reforma da lexislación electoral xeral, de xeito que haxa unha coherencia entre os prazos para iniciar dito trámite nas eleccións galegas cos restantes procesos electorais.

En definitiva, trátase dunha reforma do sistema electoral que, aínda sendo limitada, permitiría adaptar o sistema electoral galego á evolución que tivo o pluralismo político en Galiza ao longo de 30 anos, garantindo a fiel representación do mesmo nas institucións, o que contribuirá a mellorar a calidade democrática e a lexitimación social do modelo de representación institucional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo único. Modificación da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galiza:

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galiza:

Un. O apartado 1 do artigo 2 queda redactado nos seguintes termos:

1. Son electores as persoas que, ostentando a condición de galego conforme o artigo 3 do Estatuto de Autonomía, sexan maiores de 16 anos e gocen do dereito de sufraxio activo.

Dous. O apartado 1 do artigo 4 queda redactado nos seguintes termos:

2. Serán elixíbeis as persoas que, tendo a condición de electores e máis de 18 anos, non estean incursoas en ningunha das causas de inelixibilidade recollidas na lexislación electoral xeral.

Tres. Engádese un novo artigo 29 bis, queda redactado nos seguintes termos:

1. Durante a campaña electoral os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións terán dereito a entrevistas nos horarios de maior audiencia dos medios públicos de comunicación social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A estes efectos, os medios públicos de comunicación social deberán reservar o tempo necesario na súa programación, preferentemente ao remate dos espazos informativos de maior difusión, para entrevistar ao candidato ou candidata que designe cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores, por un tempo non inferior a 20 minutos e garantindo a máxima igualdade no tempo asignado a cada entrevistado.

No caso de que o medio público realice desconexións territoriais, deberá entrevistar adicionalmente por igual tempo, e nos horarios ou franxas da desconexión, ao candidato ou candidata da circunscrición correspondente que designe cada formación política.

Catro. Engádesse un novo artigo 29 ter, queda redactado nos seguintes termos:

1. Durante a campaña electoral os medios públicos de comunicación social deberán prever a celebración de debates electorais entre os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que concorran ás eleccións en horario de máxima audiencia.

2. Ademais, deberán promover debates específicos entre candidatos e candidatas que designen as forzas que obtiveran representación parlamentaria nas anteriores eleccións equivalentes. No caso das candidaturas que non estean presentes nos mesmos, terán dereito a tempos adicionais de compensación nas entrevistas ou espazos electorais gratuítos programados durante a campaña electoral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Aos efectos de garantir o cumprimento desta disposición, establécense os seguintes espazos de debate mínimos:

- (i) Dous debates electorais xerais, con difusión en toda Galiza en horario de máxima audiencia, entre os principais candidatos e candidatas das formacións políticas que obtiveran representación parlamentaria nas anteriores eleccións equivalentes.
- (ii) Adicionalmente, en desconexión territorial en horario de máxima audiencia, un debate electoral por circunscrición electoral entre os candidatos e candidatas das formacións políticas que obtiveran representación parlamentaria entre as anteriores eleccións equivalentes.

Cinco. O apartado 1 do artigo 37 bis queda redactado nos seguintes termos:

1. As Xuntas electorais realizarán o escrutinio xeral o quinto día seguinte ao da votación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE REFORMA DA LEI DE ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALIZA

- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galiza.
- Lei 8/1985 do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galiza.
- Lei 15/1992, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galiza.
- Lei 12/2004 de 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galiza.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2023 13:23:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 14 de xuño, sobre o Servizo de Axuda no Fogar (doc. núm **46669**, [11/INT-002259]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a, de maneira inmediata:

1. Constituír un grupo de traballo conxunto entre a Fegamp, a Xunta e o Goberno español para avaliar a situación do Servizo de Axuda no Fogar e levar a cabo as reformas precisas para garantir, no curto prazo, a estabilidade e sostibilidade económica do SAF.

2. Dar cumprimento ao Convenio entre a Xunta e a Fegamp asinado en outubro de 2021, e constituír unha Comisión mixta entre ambas as dúas institucións para abordar as seguintes cuestións:

- a) Seguimento e estudo das condicións de licitación dos contratos do SAF nos concellos.
- b) Estudo das cuestións específicas deste servizo en Galiza, entre elas, a afectación da dispersión ao custe de prestación, a maior e crecente demanda das persoas usuarias ou o reparto e distribución de horas por parte da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

3. Impulsar a elaboración, a través do SUG, dun estudo sobre o Servizo de Axuda no Fogar e outros programas integrados na atención domiciliar de persoas maiores e con discapacidade (Xantar na Casa, teleasistencia, Coidados porta a porta...) co obxectivo de analizar a prestación do servizo desde a súa creación até a actualidade, o seu financiamento, grao de implantación e cobertura social e territorial así como analizar, a través de enquisas, a valoración que del fan as traballadoras e persoas usuarias. O estudo e as súas conclusións deberán publicarse e ser presentadas diante do Parlamento de Galiza antes de rematar a presente lexislatura.

4. A partir do estudo anterior, impulsar, no seo do Consello Galego de Benestar Social, un grupo de traballo específico dirixido a reforzar, fortalecer, ampliar e mellorar a prestación destes servizos adaptándoos á realidade presente e futura da sociedade galega e as súas necesidades. O Consello Galego de Benestar Social elaborará unha proposta que trasladará, conforme ao disposto no artigo 40 da Lei de servizos sociais de Galiza, ao Parlamento e á Xunta co obxectivo de impulsar as mudanzas necesarias.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023

Asdo.: **Rodil Fernández, Olalla**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/06/2023 18:08:33





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **María González Albert**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 14 de xuño, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios (doc. núm **37443**, [11/INT-001929]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Clarificar e definir en detalle a súa posición en relación coa incidencia que a Unión Europea e as súas ferramentas de protección medioambiental, como a Directiva Hábitat e a Rede Natura 2000, teñen cos incendios acontecidos en 2022.

- Proceder á ampliación inmediata da superficie acollida dentro da Rede Natura 2000 no noso país para axustala aos estándares europeos e protexer os espazos medioambientalmente sensíbeis que hoxe non contan con protección por parte do Goberno Galego.

- Poñer en marcha de xeito inmediato plans especiais de protección contra os incendios forestais nas zonas recollidas dentro da Rede Natura de xeito coordinado entre os departamentos de Medio Rural e Medio Ambiente para garantir a mellor protección posíbel de todos estes territorios.”

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 16/06/2023 10:33:18

María González Albert na data 16/06/2023 10:33:25



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Martín Seco García**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 13 de xuño de 2023, sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios (doc. núm. 53530).

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a modificar de novo as bases reguladoras das axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios co fin de que os beneficiarios cumpran coa Lei da cadea alimentaria e paguen aos produtores un prezo xusto polos seus produtos.

Parlamento de Galicia, 16 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 16/06/2023 14:05:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/06/2023 14:06:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á cobertura da praza, nas mesmas condicións, do facultativo do centro de saúde de Lousame xubilado recentemente.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a cobertura da praza de facultativo no centro de saúde de Lousame.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O centro de saúde de Lousame contaba con tres profesionais de medicina familiar, un dos cales causou baixa por xubilación hai poucas semanas e foi substituído por outra persoa, mais non de xeito permanente.

Nestes últimos días, no centro xa non expiden citas aos e ás pacientes para esa profesional porque deixou de atender no mesmo. A información que reciben eses





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

usuarios e usuarias é que se levará a cabo de novo a substitución, supoñemos que polo incremento de poboación nas datas estivais nese concello.

Deste xeito, os arredor de 1.400 pacientes asignados á profesional que substituíra á persoa xubilada repártense entre os outros dous médicos do centro que, á súa vez, teñen outros tantos cada un. E, segundo parece, así ata o mes de xullo, cando tampouco hai garantías de que se cubra a praza nin hai información de se se vai cubrir parcial ou totalmente.

Unha vez máis, a Consellería de Sanidade desatende ás persoas que acoden á sanidade pública, esta vez nun concello rural con 86 núcleos de poboación dispersos por todo o termo municipal, apenas 3.400 habitantes, cunha media de idade de 51 anos e onde as persoas maiores de 65 anos son o 31,2% do total, e cuxa renda media dispoñíbel bruta anual (2021) por habitante é a máis baixa da comarca de Muros e Noia (11.828 euros).

Un concello, pois, cunhas características xeográficas, demográficas e sociais que necesita, en moita maior medida que outros, unha atención e uns servizos públicos, nomeadamente sanitarios, de calidade, próximos, que se presten sen demoras e non obriguen á súa poboación a desprazamentos constantes a outros municipios.

A falta dun médico de familia, dos tres que deberían prestar servizo no centro de saúde de Lousame, está a provocar importantes retrasos nas citas, cambios constantes para os usuarios e usuarias e está a supoñer, ademais, un maior esforzo e sobrecarga para os dous profesionais restantes. A consecuencia é unha peor calidade asistencial e, en definitiva, unha deficiente atención sanitaria á poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

- Levar a cabo, de xeito inmediato, a cobertura da praza do facultativo xubilado recentemente no centro de saúde de Lousame nas mesmas condicións que se viña prestando ata que causou baixa: Ininterrumpidamente, a diario e a xornada completa

- Facilitar toda a información posíbel aos e ás pacientes dese profesional sobre a previsión de cobertura desa praza.”

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2023 17:11:34

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/06/2023 17:11:45

Mercedes Queixas Zas na data 19/06/2023 17:11:54

Rosana Pérez Fernández na data 19/06/2023 17:12:05

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/06/2023 17:12:13

Daniel Pérez López na data 19/06/2023 17:12:22

Iria Carreira Pazos na data 19/06/2023 17:12:32

Olalla Rodil Fernández na data 19/06/2023 17:12:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 19/06/2023 17:12:53

María del Carmen Aira Díaz na data 19/06/2023 17:13:01

Noa Presas Bergantiños na data 19/06/2023 17:13:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/06/2023 17:13:17

Xosé Luis Bará Torres na data 19/06/2023 17:13:37

María Montserrat Prado Cores na data 19/06/2023 17:13:46

Alexandra Fernández Gómez na data 19/06/2023 17:13:54

Paulo Ríos Santomé na data 19/06/2023 17:14:02

Carmela González Iglesias na data 19/06/2023 17:14:10



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Baiona presentaba un proxecto no marco do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino dirixido a cascos históricos e vilas termais, dentro da convocatoria de fondos europeos Next Generation EU. O proxecto consistía en revitalizar o casco histórico desta vila, embelecendo a zona monumental, dixitalizala e mellorar os servizos, esta proposta estaba presupostada en 2,1 millóns de euros.

O proxecto divídese en catro áreas estratéxicas:

1. Transición verde e sostible: inclúe a reforma e reurbanización de diferentes prazas do centro histórico; a posta en valor da rúa do Conde (o trazado do Camiño de Santiago), a restauración da contorna da Santísima Trinidad, e as melloras na rede de saneamento e recollida de augas (Conde, Ventura Misa, Xogo da Bola, Lorenzo de la Carrera, Do Reloxo, Diego de Carmona, San Lorenzo, San Xoán, Manuel Valverde e rúa Igrexa).
2. Eficiencia enerxética: rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética en diversos edificios da vila, actuación na estrada do Cochiño, e actuacións de fomento da peonalización de diversas rúas.



3. Transición dixital: despregamento de fibra óptica, introdución de sensores (control dixital de acceso ao casco), despregamento de redes wifi municipais, e dixitalización de recursos patrimoniais e culturais.

4.- Competitividade: recuperación do comercio tradicional, da artesanía e dos produtos locais; soterramento do cableado aéreo; mellora da accesibilidade coa eliminación de barreiras arquitectónicas (Porta da Vila, Barrio de A Laxe, Santísima Trinidad); eliminación de graffitis, e campañas de concienciación sobre turismo sostible para residentes e visitantes.

Á hora de cualificar este proxecto, prodúcese unha situación totalmente anómala, mentres a Secretaría de Estado de Turismo outorga 76 puntos ao Concello de Baiona e a Federación Galega de municipios e provincias 72 puntos, por encima da puntuación mínima de 70 puntos para poder optar á convocatoria, a representación da Xunta de Galicia só asigna 63 puntos, por baixo dese mínimo. O que significa non poder optar a esta convocatoria de fondos europeos grazas a puntuación da Xunta de Galicia. O Goberno galego pretendía deixar fóra desta convocatoria o proxecto do Concello de Baiona outorgándolles unha baixa puntuación, acadando o seu obxectivo de que Baiona non optase a esta convocatoria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Explicar a puntuación outorgada ao proxecto do Concello de Baiona no marco do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino dentro da convocatoria de fondos europeos Next Generation EU.

Santiago de Compostela, 8 de xuño do 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2023 12:16:56
Nº Rexistro: 54295
Data envío: 12/06/2023 12:16:56.671

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/06/2023 12:12:56

Martín Seco García na data 12/06/2023 12:13:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/06/2023 12:13:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/06/2023 12:13:28

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO0qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
197538

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, María González Albert e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o Estatuto das mulleres do rural e o Proxecto de Lei de igualdade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza, aprobado polo Consello da Xunta de Galiza na súa reunión do día 19 de maio do 2023, está en proceso de trámite no Parlamento Galego, e como non podía ser de outro xeito recibirá as emendas correspondentes por parte dos distintos grupos políticos con representación parlamentaria.

Isto non quita que nesta Comisión 7ª se fale polo miúdo do relativo ao Estatuto das mulleres rurais e do mar que se recolle non seu título V, que sen dúbida para as mulleres que vivimos e sentimos o rural creou unhas expectativas que non se ven recollidas ou cumpridas no seu texto, facéndoo máis ben parecido aos diversos plans de igualdade da secretaría de igualdade que adoecen de falta de concreción e obxectivos temporais claros, quedando en auténticos desideratums que non serviron para cambiar a realidade das mulleres do noso país.

Podemos alegar en primeiro lugar que se mesturen as mulleres que se dedican a sectores primarios tan dispares como son as adicadas ao rural e ao mar, xa que sofren situacións radicalmente diferentes, estando o sector do mar moito máis industrializado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que o sector rural entre outras cousas, xa que tamén o medio no que viven é moi diferente e polo tanto as dificultades ou desigualdades coas que tropezan tamén serán de diferente índole.

As mulleres que viven das actividades pesqueiras e os seus procesos son mariscadoras, redeiras, vendedoras de pescado, traballadoras nas conserveiras e tamén unha parte aínda que sexa menor, pescadoras, aquí é o sector o que determina a clasificación como mulleres do mar.

As mulleres que viven no rural poden non vivir del e máis compartir problemáticas parellas por ser mulleres, das que viven do sector primario é máis difícil a súa cuantificación xa que moitas delas aínda fan labores profesionais sen ter filiación á SS, é dicir, “informais” sendo, é certo, cada vez menos. Hai moitas outras mulleres que vivindo no rural se dedican ao emprendemento no sector terciario, sendo tamén traballadoras por conta allea dedicadas a actividades de transformación e venta dos produtos agrarios, de coidados, alimentación ou outros relacionados co comercio en xeral, etc. E non descubrimos nada novo se dicimos que aquí o que actúa como condicionante para a vida das mulleres non é somentes o sector senón que o é tamén o medio, o medio rural.

Por isto, tanto a mestura de cousas distintas nun só estatuto, así como a súa integración dentro da lei de igualdade desnaturaliza e desaproveita unha oportunidade para establecer obxectivos claros que melloren a vida das mulleres do rural e do mar, atendendo ás circunstancias propias de cada caso.

Son 13 páxinas nas que non se afonda na determinación das problemáticas das mulleres no rural, fía esta lei ao observatorio das mulleres rurais e do mar, que si divide en dúas partes diferenciadas segundo a temática pero deixa os obxectivos a concluír abertos e sen prazos concretos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén debemos mencionar que non se nomea a violencia de xénero no rural de xeito específico, aínda que todo o proxecto de lei é pobre neste sentido, pero parece que no esperado Estatuto procedería dedicarlle un bo espazo, porque senón sería negar unha realidade, o cal pode xustificar plenamente retiralo da Lei de Igualdade. Lembramos que hai uns meses aprobouse por unanimidade na Comisión 7ª a realización dunha serie de medidas a prol de combater a violencia de xénero no rural, que incluían dende un estudo galego ata o establecemento de medidas para a súa erradicación, visto que non contan co Estatuto para implementar estas iniciativas, preguntámonos se realmente hai vontade política de enfrontar esta situación. Tampouco se mencionan en absoluto as situacións de illamento e soidade e a súa abordaxe no rural, o papel dos coidados e a corresponsabilidade, nin o enfrontamento das dificultades para a vida que supoñen as situacións de discapacidade das mulleres ou as dificultades que sofren para o acceso ao mundo laboral.

Dito isto, podemos aseverar que o dito Estatuto é escaso e inconcreto, non aporta nada máis alá do que xa se tiña feito resultando insuficiente para coñecer a realidade que viven as mulleres no rural e deste modo levar adiante cambios estruturais profundos que modifiquen e melloren as súas vidas, de feito lonxe de definir o rural desdebúxao de modo que é difícil que redunde positivamente en melloras concretas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta de Galiza a construír e implementar o Estatuto das Mulleres do Rural como un xeito amplo de vertebrar o estudo, diagnóstico e posta en marcha de medidas para a mellora da calidade de vida das mulleres que habitan o rural, tanto no relativo a aspectos persoais, sociais, como de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

habitabilidade ou laborais, independentemente do sector no que realicen as súas actividades.

Para isto, este Estatuto manterá unha identidade propia fóra da Lei de Igualdade e contará cunha memoria orzamentaria que permita establecer un cronograma realista para a realización, por un lado dos estudos e do diagnóstico da situación actual, e por outro o establecemento das medidas que del deriven para a eficiencia na abordaxe das problemáticas que xa se coñecen ou outras que poidan saír á luz a raíz dos estudos.

A participación coordinada das Consellerías de medio rural e de emprego e igualdade e a colaboración entre o Observatorio das Mulleres do Rural e o Observatorio Galego da Violencia de Xénero, son imprescindibles e han de servir para a inclusión dentro deste Estatuto de todas as temáticas e ámbitos que afectan á vida das mulleres no rural, tendo en conta a súa situación intrafamiliar ou de parella, a situación social e a económica e laboral e así debe quedar recollido dentro do Estatuto.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2023 09:16:12

María González Albert na data 13/06/2023 09:16:18

María del Carmen Aira Díaz na data 13/06/2023 09:16:26



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O próximo 17 de xullo expira o acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Marrocos o que implicaría a expulsión da frota comunitaria -incluídos os buques galegos- que na actualidade faena nos seus caladoiros.

Esta circunstancia está a desencadear reaccións de preocupación, pois crecen a probabilidades de que a data chegue sen un convenio novo, e sen a posibilidade de prorrogar o que está vixente na actualidade.

Ao redor de media ducia de barcos galegos poderían verse afectados por esta circunstancia. Este acordo ofrece coutas de pesca en augas marroquís o que lles permite complementar a actividade que realiza esta frota noutros caladoiros e faenar de modo sostible durante boa parte do ano.

O convenio está ademais en dúbida desde 2021, cando o Tribunal de Xustiza da UE sentenciou que non tivera en conta na súa negociación á fronte Polisario ou os intereses do Sahara Occidental, en cuxas costas están as pesqueiras das que se beneficia a frota comunitaria.

Os xuíces comunitarios deben ditaminar de novo sobre o acordo, xa que a parte europea impugnou a sentenza de 2021, contraria tamén a outro acordo con Rabat, o de asociación, que afecta o comercio agroalimentario, de produtos como os tomates.

Existen antecedentes doutros protocolos do acordo que se paralizaron, co consecuente retorno dos barcos do caladoiro marroquí e consecuencias duras para a frota impactada.

A importancia do acordo vai máis aló do alto valor económico e social para a frota afectada. As negociacións para a renovación do acordo pesqueiro corresponden a Marrocos e, pola parte comunitaria, á Comisión Europea (CE) en nome dos 27 países.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1º- Manteña unha postura clara na defensa dos intereses do sector pesqueiro galego e español e impulse un protocolo pesqueiro entre a UE e Marrocos que evite contratempos no desenvolvemento da actividade da frota e permita poñer fin ás incertezas actuais e retomar o traballo na zona o antes posible.
- 2º- Avalíe e adopte as medidas oportunas, incluídas as axudas previstas nos fondos europeos de pesca, para compensar economicamente os posibles prexuízos e o impacto sobre a frota galega que pode derivarse da finalización deste acordo pesqueiro”.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/06/2023 09:47:58

Teresa Egerique Mosquera na data 13/06/2023 09:48:20

José Manuel Balseiro Orol na data 13/06/2023 09:48:41

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/06/2023 09:48:57

Ana Belén García Vidal na data 13/06/2023 09:49:09

Manuel Santos Costa na data 13/06/2023 09:49:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/06/2023 09:49:44

Rodríguez Pérez, Moisés na data 13/06/2023 09:50:01



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Gonzalo Caballero Miguez, Marina Ortega Otero, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O pasado 7 de xuño traballadoras e traballadores da Consellería de Política Social concentráronse ante a sede da Xunta de Galicia en San Caetano en Santiago e ante a delegación da Xunta en Vigo para reclamar máis persoal e mellores condicións laborais nos centros de Política Social da Administración autonómica. Baixo o lema "pola recuperación dos dereitos perdidos", o persoal destes centros sociosanitarios sinala a situación límite existente e a falla de compromiso e medidas do goberno da Xunta de Galicia.

Estes traballadores e traballadoras atenden a maiores e dependentes, persoas con discapacidade e persoas con enfermidades psiquiátricas, constituíndo o seu traballo unha garantía imprescindible do noso estado do benestar e sendo moi relevante pola intensidade que implica a atención a persoas vulnerables.

A atención a este colectivo necesita dunha maior dotación de persoal nos centros da Consellería de Política Social, así como da creación de novos centros nos que tratar de forma diferenciada e separada as distintas situacións das persoas.

Así mesmo, o persoal destes centros require de mellores condicións laborais, logo de ser tratado sen suficiente compromiso por parte da Xunta de Galicia. De feito, as condicións laborais deste colectivo en distintos aspectos están moi por debaixo das existentes no Sergas. Pénsese por exemplo que hai centros



nos que unha soa enfermeira chega a ter ao seu cargo durante horas a 160 persoas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver un plan de incorporación de persoal estable nos centros sociosanitarios da Consellería de Política Social para paliar o déficit de cadro de persoal existente.
2. Que a conselleira de Política Social e o director xeral de Función Pública reciban conxuntamente aos representantes dos traballadores/as dos centros de Política Social para acordar un plan de melloras das súas condicións laborais.
3. Que se estableza unha retribución específica para cando estes traballadores/as teñen que traballar en domingos, festivos ou datas sinaladas como Nadal ou fin de ano, de xeito análogo a como se fai con outros traballadores/as públicas no ámbito sanitario.
4. Garantir a posibilidade real de vacacións axeitadas a todos e todas as traballadoras do colectivo, dado que existen problemas pola insuficiencia de persoal nas listas.
5. Garantir o tempo axeitado de descanso dos traballadores/as tras o día saliente traballado de noite.
6. Avanzar na aproximación salarial dos traballadores/as de Política Social aos niveis existentes para os colectivos de traballadores e traballadoras sanitarias.



7. Ampliar a rede de centros sociosanitarios para poder atender de forma diferenciada a persoas dependentes, persoas con discapacidade e persoas con enfermidades psiquiátricas, o cal redundará nunha mellor atención desas persoas e nun mellor traballo dos e das profesionais.

Santiago de Compostela, 12 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/06/2023 10:22:47

Marina Ortega Otero na data 13/06/2023 10:22:58

Paloma Castro Rey na data 13/06/2023 10:23:09

Pablo Arangüena Fernández na data 13/06/2023 10:23:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/06/2023 10:23:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e das deputadas **Carmela González Iglesias** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a integración e condicións laborais do persoal dos consorcios provinciais contra incendios e salvamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras o acordo do pleno do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de Ourense aprobando a memoria para a implantación do modelo de xestión pública dos parques comarcais que conforman o Consorcio (Carballiño-Ribeiro, Xinzo de Limia, Verín e Valdeorras), completouse o proceso de recuperación da xestión pública dos parques comarcais de bombeiros. Antes que Ourense, A Coruña, Lugo e Pontevedra procederon, nos anos 2019, 2020 e 2021, respectivamente, ao rescate da xestión pública e directa dos parques comarcais de extinción de incendios e salvamento que ate ese momento realizaban empresas privadas.

Malia que a xestión do servizo de extinción e salvamento nos referidos parques comarcais pasou a realizarse directamente dende os propios Consorcios Provinciais, aínda non se produciu a total integración do persoal que prestaba servizo nos mesmos. Así o persoal indefinido das empresas privadas que xestionaban os parques de bombeiros comarcais e en cuxos contratos subrogáronse os respectivos Consorcios Provinciais a día de hoxe non ten recoñecida a condición de persoal laboral fixo dos Consorcios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A este respecto, o Tribunal Supremo xa na súa sentenza de 28 de xaneiro de 2022, en resolución dun RCUD, recoñeceu a condición de persoal laboral fixo das traballadoras que pasaban dunha empresa privada á Administración Pública en virtude de subrogación tanto laboral como da actividade que desempeñaban. O Tribunal Supremo excluía ao persoal que adquirira a condición de indefinido en virtude de contratacións realizadas en fraude de lei, ou que a súa actividade profesional non fose obxecto de transmisión ao sector público.

Igualmente o persoal destinado nos diferentes Parques Comarcais dos distintos Consorcios Provinciais, nos que participa a Xunta de Galiza e a Deputación Provincial respectiva, non dispón dos mesmos dereitos laborais, manténdose as diferenzas derivadas das condicións de traballo que tiñan na empresa privada de orixe.

E por iso que a Asemblea Xeral Extraordinaria de Bombeiros de Parques Comarcais acordou a convocatoria dunha folga en todos os Consorcios Provinciais e nos 24 parques comarcais, así como a suspensión dos apoios e servizos voluntarios, reducindo as prestacións laborais ás estritamente obrigatorias por contrato laboral.

Tal situación de conflitividade laboral vén derivada da contumaz negativa da Xunta de Galiza á aplicación e seguimento da doutrina do Tribunal Supremo no recoñecemento da condición de persoal laboral fixo ao servizo do Consorcio Provincial correspondente, e do aprobación dun convenio colectivo que equipare as condicións laborais e profesionais de todo o persoal dos Parques Comarcais contra Incendios de Galiza, polo que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á promover:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.-A integración como persoal laboral fixo dos Consorcios Provinciais contra Incendios e Salvamento de todo o persoal no que concorran as condicións establecidas na sentenza de 28 de xaneiro de 2022 e coas condicións e requirimentos establecidos na referida resolución xudicial.

2.- A elaboración e aprobación, previa negociación conxunta coas Deputacións Provinciais e coa representación das traballadoras, dun Convenio Colectivo para todos os Consorcios Provinciais de Galiza.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Carmela González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2023 13:02:57

Carmela González Iglesias na data 13/06/2023 13:03:01

Iria Carreira Pazos na data 13/06/2023 13:03:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/06/2023 13:03:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso, Daniel Castro García e Daniel Pérez López e Olalla Rodil Fernández e Carmen Aira Díaz**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o poder adquisitivo dos salarios dos Convenios colectivos do comercio alimentación e da limpeza da provincia de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Convenios colectivos do comercio alimentación e máis da limpeza de edificios e locais, ambos da provincia de Lugo, remataron o seu período da súa vixencia o pasado 31 de decembro do ano 2021.

Na actualidade estase desenvolvendo o proceso de negociación entre as partes, mais a negativa da patronal a aceptar as demandas da parte social, entre as que salienta establecer nestes convenios colectivos cláusulas de revisión salarial que garantan a actualización dos salarios conforme ao IPC real, levaron aos sindicatos presentes na mesa de negociación a anunciar e mesmo a convocar xa formalmente medidas de conflito como a folga.

Estamos a falar de dous convenios colectivos moi feminizados, con salarios que en moitos casos quedan por embaixo do Salario mínimo interprofesional, e que durante os períodos de vixencia que veñen de rematar teñen perdido poder adquisitivo, xa que as subas recollidas para estes períodos foron menores que o IPC real para o mesmo período en cómputo global.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os tres sindicatos maioritarios na Galiza, que ostentan a representación sindical do persoal destes sectores, manifestan con rotundidade que a situación é insostíbel para uns salarios xa moi baixos.

Desde o BNG consideramos de vital importancia que o goberno galego exerza as súas competencias en materia de Traballo e Igualdade, e se implique activamente para evitar a perda de poder adquisitivo da clase traballadora, facendo especial fincapé no control das condicións salariais daqueles sectores máis feminizados e con maior número de contratos a xornada parcial.

A pobreza ten rostro de muller, non é un slogan, é unha realidade que desde os gobernos debe combaterse con todos os medios dos que dispoñan, e o silencio que garda sempre a Xunta de Galiza do Partido Popular sobre os procesos de negociación das condicións salariais e de traballo non é respecto pola autonomía das partes senón un visto e prace do actual status quo que, cando menos, nos sectores especialmente feminizados e empobrecidos non é tolerábel.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a promover as accións necesarias para conseguir que as partes negociadoras dos convenios colectivos do Comercio alimentación e máis da Limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo cheguen a un acordo que garanta o poder adquisitivo dos salarios do persoal.”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2023





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/06/2023 09:22:50

Daniel Pérez López na data 14/06/2023 09:22:58

Daniel Castro García na data 14/06/2023 09:23:07

María del Carmen Aira Díaz na data 14/06/2023 09:23:16

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2023 09:23:24



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O Xulgado de Instrución número 1 de Santiago de Compostela vén de abrir dilixencias previas contra varios directivos da CRTVG por presuntos delitos de acoso moral e contra os dereitos do persoal traballador cometidos contra unha traballadora da corporación.

A xuíza decidiu admitir a trámite a demanda da traballadora por desprenderse “indicios de posible comisión polos querelados dun delito de acoso moral e doutro contra os dereitos dos traballadores”, polo que en setembro terán que declarar os directivos da CRTVG en calidade de investigados.

Este novo conflito xudicial súmase a toda unha serie de procesos semellantes con traballadores e traballadoras da CRTVG que dan conta do insostible clima laboral que se respira na CRTVG. Así, a recente condena á Corporación por discriminar por sexo unha traballadora e vulnerar o seu dereito a conciliar ou a sentenza firme que condenou os medios públicos por vulnerar os dereitos fundamentais do profesional Carlos Jiménez.

Tamén están pendentes de resolución diversas demandas de persoal traballador por vulneración de dereitos ao ser trasladado forzosamente a outros postos e que a dirección pretende xustificar como “cambios operativos” pero que en realidade non son máis que represalias por plantarse fronte a intentos



de manipulación informativa da dirección ou simplemente por ser críticos co Goberno galego do PP.

Dende o ano 2018 ata 2022 a CRTVG perdeu a metade dos litixios laborais, e non son poucos nunha corporación que ten preto de 900 traballadores: de 176 sentenzas, 87 foron favorables para o persoal.

Diante desta situación irrespirable que afecta ao persoal traballador da CRTVG, e que sen dúbida afecta tamén a calidade dos seus contidos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia acorda:

1. Reprobar o actual director xeral da CRTVG por vulneración dos dereitos fundamentais do persoal traballador e iniciar de inmediato o correspondente trámite parlamentario para o seu cese conforme ao establecido nas disposicións legais e regulamentarias de aplicación.
2. Iniciar as negociacións entre os grupos con representación parlamentaria para a renovación da Dirección Xeral, tal e como establece a lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Parlamento de Galicia, 14 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 14/06/2023 12:27:16

Paloma Castro Rey na data 14/06/2023 12:27:42





Noelia Otero Lago na data 14/06/2023 12:28:12

Pablo Arangüena Fernández na data 14/06/2023 12:28:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/06/2023 12:28:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as medidas de compensacións aos cultivos na Ribeira Sacra afectados por fenómenos meteorolóxicos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cambio climático afecta ao noso país dende hai anos sen que se tiveran tomado medidas a prol da adaptación do noso agro a esta nova circunstancia. Os expertos comunican que estamos ante un cambio de ciclo que propiciará secas cada vez máis frecuentes que van afectar á nosa produción hortícola para consumo humano, á frutícola e tamén ao cultivo de forraxe para o gando. Todo isto vese agravado por un incremento das temperaturas máximas e mínimas e sucesos metereolóxicos consecutivos cada vez máis acusados.

A falta de auga é prexudicial por moitos motivos, os vexetais vense afectados por enfermidades que reducen a súa produción en cantidade e calidade, incrementan o seu prezo nos mercados deixando pouca ganancia para as produtoras e dificultando o acceso á comida saudable para a poboación, provoca que estes vexetais deban recibir tratamentos fitosanitarios intensivos. Tamén prexudica aos solos deixándoos desprotexidos de modo que se perde capa vexetal produtiva mentres a seca os converte en inertes e polo tanto improdutivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É imprescindible que se tomen medidas inmediatas que vaian máis alá de comezar a sentarse para falar de que se vai facer.... o cambio climático que compatibiliza secas frecuentes con choivas torrenciais fóra das épocas en que tradicionalmente viña chovendo, está xa instaurado, e progresa a máis velocidade da que os expertos pronosticaban.

É urxente tomar medidas xa para poder garantir o abastecemento alimentar no futuro e isto pasa por implicar a tódolos sectores do coñecemento relacionados coa investigación agraria para atopar novas variedades resistentes á sequía e ás enfermidades que esta provoca, como así mesmo abrir novas liñas de investigación que permitan un menor uso de fitosanitarios xa que cada vez están máis restrinxidos.

Tamén é urxente a investigación doutros modelos de cultivos dos que xa hai países que son pioneiros e permiten ter produción de verduras e hortalizas en situacións climáticas extremas, ou tamén en aforro de auga.

E despois de isto o que procederá é achegar este coñecemento á poboación, polo que sería bo propoñer que nas escolas de formación Agraria con perfil hortícola e froitícola, Sergude ou Pedro Murias, por exemplo, que impartan módulos orientados a seca e que se traballe en campos de demostración, tanto con novas variedades como con modelos de manexo de rega e cultivo. Tamén se poden implementar outras medidas de asesoramento público que acheguen este coñecemento ás e aos produtores.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta o Goberno da Xunta a establecer de xeito instantáneo criterios definitivos para a implementación de axudas directas, inmediatas e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

urxentes, para esta perda concreta de produción e para as que poidan vir de futuro, nun plan de actuación que sexa sostido no tempo e tamén revisable para poder adaptalo ás futuras necesidades provocadas por fenómenos metereolóxicos de este ou outro tipo..”

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/06/2023 13:09:52

María González Albert na data 14/06/2023 13:09:59

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/06/2023 13:10:10

María del Carmen Aira Díaz na data 14/06/2023 13:10:29



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O dereito constitucional de acceso á xustiza é un pilar básico do noso estado de dereito, que vén reforzado na Constitución co recoñecemento no artigo 119 da gratuidade da xustiza naqueles casos que dispoña a lei e, en todo caso, para quen acredite insuficiencia de medios para litigar.

A Lei de asistencia xurídica gratuíta establece o marco normativo deste dereito que é complementado coa normativa de carácter autonómico, en Galicia a Lei 4/2016, do 4 de abril, xa que a competencia para a aplicación e xestión deste dereito corresponde ás comunidades autónomas con competencias transferidas.

Dende hai moitos anos a prestación deste servizo no noso territorio é claramente ineficaz debido a dúas razóns fundamentais: por unha banda o insuficiente orzamento destinado a este fin; e por outra, a falla de protección e amparo aos profesionais que forman parte da quenda de asistencia xurídica gratuíta.

Os últimos datos do Observatorio de asistencia xurídica indican que a media estatal de investimento por habitante para sufragar este dereito é de 6 €, sendo a media galega de 4,9 €, o que nos sitúa a cola das comunidades autónomas e provoca que teñamos unha das maiores porcentaxes de desestimación de



solicitudes e se incrementen de forma progresiva as queixas polo funcionamento deste servizo.

Por outra banda, non se cumpren os mínimos dereitos profesional dos letrados que prestan estes servizos públicos o que provoca as seguintes situacións discriminatorias:

- Non teñen contemplados dereitos laborais básicos coma a baixa por enfermidade, embarazo ou parto....
- Non son remuneradas as súas actuacións no caso que o procedemento sexa archivado ou derivado a outro partido xudicial.
- No caso de ser desestimada a solicitude de asistencia, non son abonadas as súas actuacións tendo que reclamar os letrados ao cliente o pago das mesmas.
- A pesar de tratarse dun servizo público non conta coma mérito no acceso á función pública.
- Non cotizan á Seguridade Social polos servizos prestados.

Os socialistas defendemos este servizo coma esencial para garantir a equidade nos dereitos da cidadanía polo que reclamamos ao Goberno galego que aumente a partida destinada a este fin e estableza un estatuto do avogado de oficio no que se regule de forma unitaria para os distintos colexios profesionais de Galicia unhas condicións laborais mínimas para os letrados que presten este servizo.

Finalmente sinalar que dende o Grupo Socialista entendemos que a imaxe desvalorizada que presenta este servizo na sociedade ten que ser corrixida mediante campañas de sensibilización á cidadanía que informen sobre os requisitos de acceso a este dereito e a capacidade e dilixencia dos profesionais adscritos a esta quenda, que corrixa este erro de apreciación.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar a partida orzamentaria destinada á cobertura do dereito a asistencia xurídica gratuíta co fin de acadar os 7 € por habitante.
2. Elaborar, en consenso cos colexios profesionais e as asociacións do sector, o Estatuto do Avogado de Oficio, que recoñeza dereitos de carácter laboral e económico e obrigas a estes profesionais.
3. Impulsar campañas de sensibilización e información dirixidas á sociedade co fin de que aumente o coñecemento sobre a existencia deste dereito, a calidade do servizo e a dignificación dos profesionais que o exercen.

Santiago de Compostela, 14 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/06/2023 16:50:36





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/06/2023 16:53:47
Nº Rexistro: 54440
Data envío: 14/06/2023 16:53:47.130

Pablo Arangüena Fernández na data 14/06/2023 16:50:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/06/2023 16:50:56

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO0qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
197565

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do Sergas.

A pesares da aprendizaxe sobre a importancia dun forte sistema público de saúde, o sistema de atención primaria de Galicia está a sufrir as consecuencias dos recortes da última década, constatando a través dos propios orzamentos da Xunta de Galicia como dende 2009 son máis de 900 profesionais menos existentes na actualidade que entón, e cun orzamento menor. A eliminación das xerencias de atención primaria coa creación das EOXI en 2012, a renuncia dos gobernos Feijoo a convocar todas as prazas MIR que estaban habilitadas durante anos deixando sen ocupar un 20 % delas (perdendo de formar a 180 médicos de familia) e as condicións laborais precarias para os profesionais sanitarios supoñen a tormenta perfecta para a actual situación. As iniciativas do goberno do Estado coa estabilización de milleiros de profesionais en toda España, e a convocatoria máis grandes da historia da formación MIR son grandes decisións para mellorar a situación, pero a competencia en materia de sanidade corresponde á Xunta de Galicia que é a que determina as prazas que se convocan e as condicións laborais destas.



Este sistema collido con pinzas dificulta a mellor calidade posible da atención primaria, impedindo a continuidade na relación médico-paciente e a dispoñibilidade de atención e seguimento dos pacientes.

Esta é a situación que está a suceder en Chantada, onde dos 6 cupos de facultativos existentes apenas están operativos 2 de maneira habitual, sen máis explicación que o feito de que as baixas ou ausencias non se cobren nin existe vontade por parte da xerencia de resolvelo. Así, a saturación soportada por estes profesional está causando unha merma na calidade asistencial, así como un problema para eles mesmos.

A maiores desta situación precaria, este concello (como o de Quiroga e, en xeral, toda a comarca) non están sendo atendidos polo servizo de hospitalización a domicilio HADO que se ofrece para o área sanitaria dende o Hospital de Monforte. Estes problemas alimentan unha enorme sensación de desatención entre a cidadanía, que comproba como se anuncian uns servizos e un nivel de calidade que non reciben, e que precisan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a mellor cobertura sanitaria posible no centro de saúde de Chantada coa presenza sistemática e continuada dos profesionais necesarios para cubrir os cupos establecidos para atención primaria neste centro.
2. Notificar de maneira formal ao Concello de Chantada do volume de cupos de atención primaria establecidos para o centro de saúde de Abadín na actualidade.



3. Poñer en funcionamento operativo real o servizo HADO para atender á comarca de Chantada.

Santiago de Compostela, 14 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/06/2023 17:48:13

Patricia Otero Rodríguez na data 14/06/2023 17:48:23

Marina Ortega Otero na data 14/06/2023 17:48:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/06/2023 17:48:44



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O centro de menores Avelino Montero sito en Pontevedra, dependente da Consellería de Política Social e Xuventude ten coma finalidade a reeducación de menores condenados por sentenza firme ou baixo unha medida cautelar derivada da comisión dun delito.

Na actualidade este centro é o único que permanece en Galicia cunha xestión pública, pero recentemente coñecíamos a eliminación de 4 prazas de educadores trala xubilación, o que nos fai desconfiar se a intención do Goberno galego tras estas amortizacións é mudar cara unha xestión privada.

A capacidade deste centro é de 30 prazas aínda que neste momento está reducida por mor das obras de reforma que a Xunta está a executar por un valor de 1,5 millóns de €.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Xunta de Galicia está actuando coma xa o fixo en Ourense e Lugo, executando primeiro unhas obras de acondicionamento e mellora dos centros para despois derivar a xestión destes espazos a empresas privadas.

Nós defendemos a necesidade dunha xestión pública nestes centros polo que esiximos a este goberno que non mingüe o cadro de persoal do centro de



menores Avelino Montero en Pontevedra xa que con isto vai prexudicar a finalidade reeducativa e danar enormemente un servizo que ten que garantir un marco adecuado para a educación, a normalización da conduta destes menores e o libre e harmónico desenvolvemento da súa personalidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a manter o número de 18 educadores no cadro de persoal do centro de menores Avelino Montero en Pontevedra e comprometerse á continuidade da xestión pública do mesmo como requisito esencial para acadar a súa finalidade reeducativa.

Santiago de Compostela, 14 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/06/2023 22:06:09

Marina Ortega Otero na data 14/06/2023 22:06:22

Julio Torrado Quintela na data 14/06/2023 22:06:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/06/2023 22:06:44



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A precariedade laboral é un dos graves problemas do sistema sanitario público de Galicia. A sucesión de sentencias laborais que condenan ao Sergas por vulnerar dereitos laborais, por “fraude” na contratación ou por fórmulas “torticeiras” (por usar termos que as propias resolucións xudiciais utilizan) comezan a ser recorrentes e evidencian a necesidade de mudar a política de recursos humanos deste sistema sanitario.

En termos de fórmulas de contratación, Galicia é un exemplo negativo de fomento da eventualidade. A sucesión continuada de contratos á mesma persoa, para funcións semellantes, fomenta dentro dos propios centros sanitarios unha precariedade insoportable. Esta situación provoca incerteza nos propios profesionais, que se ven forzados a vivir pendentes de contratos por días ou horas, o que impide planificar un mínimo da vida diaria e, obviamente, impide facer previsións vitais a medio e longo prazo. Tamén provoca problemas nos propios servizos, pois o paseo de profesionais por distintos servizos xera desaxustes e imposibilidade de axeitarse aos modos e formas de traballo de cada un nun entorno en que é preciso un funcionamento óptimo.

En termos salariais, xa en recentes épocas o Goberno de Galicia tratou de escatimar de pagar a carreira profesional a unha boa parte de traballadores/as do sistema. Esta carreira profesional, que foi presentada como “un logro



histórico” por parte do Goberno de Galicia pasou a ser “inviável” segundo o propio goberno en función das sentencias xudiciais ante as demandas de profesionais que eran excluídas desta carreira.

Esta sucesión de problemas provocados por unha concepción tacaña do funcionamento do sistema sanitario trae tras de si o problema da falta de capacidade para xestionar o persoal, dado que o desacougo, a desesperación e a falta de expectativa que provoca entre os profesionais deixa ao sistema ao borde da incapacidade para dar a atención sanitaria que a cidadanía merece.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno de Galicia a implementar un plan de estabilización de profesionais do sistema sanitario público de Galicia que rebaixe a eventualidade ao 8 % real, que amplíe o volume de contratación ao máximo posible en todas as categorías e diminúa ao mínimo estritamente necesario dita eventualidade para limitala á xestión das esixencias variables do sistema sanitario.

Santiago de Compostela, 15 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/06/2023 09:17:29

Marina Ortega Otero na data 15/06/2023 09:17:38





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 54461
Data envío: 15/06/2023 09:22:10.586

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/06/2023 09:17:49

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO0qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
197573

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A conflictividade xurdida no entorno do sector do mar ao redor da recolección de mexilla provocou nos últimos anos serios problemas entre os colectivos afectados, nomeadamente bateeiros e percebeiros, que conflúen nos mesmos espazos nos que a mexilla se da nas rochas e que teñen perspectivas distintas sobre canto afecta esta extracción á cría de percebe e á súa futura recolección.

Este escenario debuxou problemas de gravidade con enfrontamentos entre os colectivos que, pretendendo defender o espazo que cada un considera lexítimamente do seu dereito, terminaron por confrontar entre si.

Esta situación perniciosa dáse, en realidade, non por problemas atribuíbles ao colectivo de percebeiros ou ao dos bateeiros, senón ao desleixo e inacción por parte da Consellería do Mar, quen pretendeu resolver a situación saltándose, inicialmente, o cumprimento da vixilancia da lexislación sobre a extracción de mexilla, e posteriormente coa imposición dunha nova normativa de gran restrición para a extracción de semente por parte do sector bateeiro. Esta inxerencia da Consellería do Mar provocou esta espiral de tensión, fronte á que a Consellería non fixo máis que agocharse e esperar a que terminase a tempada de recollida, limitada normativamente. Con esta realidade todas as campañas previas dos últimos tempos ata o momento xa causaron moitos problemas ao sector bateeiro ao quedar sen toda a mexilla que podían obter (e por tanto coa perda de capacidade produtiva).



Nos recentes días foi coñecido o relevo á fronte da Consellería do Mar, o que abre unha posibilidade a que muden as actitudes e decisións sobre esta situación conflitiva por parte da Consellería do Mar e o seu novo equipo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a devolver os cambios sobre a xestión da mexilla ao punto anterior á aprobación do Decreto 153/2019, e iniciar un proceso de diálogo real e efectivo para afrontar os posibles problemas tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Constitución dunha mesa de diálogo con todos os axentes e colectivos implicados.
- b) Recollida de datos por parte de persoal técnico da propia Consellería.
- c) Elaboración de informes actualizados que permitan ter coñecemento real sobre a situación.
- d) Deseño e desenvolvemento de sistemas de control da recollida.
- e) Revisión integral e exhaustiva da situación das rochas na costa coa presenza conxunta de todos os colectivos afectivos.
- f) Establecemento de procedementos de decisión que fomenten o consenso e impulsen os acordos.

Santiago de Compostela, 14 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2023 09:49:30
Nº Rexistro: 54467
Data envío: 15/06/2023 09:49:30.406

Julio Torrado Quintela na data 15/06/2023 09:30:14

Patricia Otero Rodríguez na data 15/06/2023 09:30:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/06/2023 09:30:39

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO8qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
197576

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Martín Seco García** e **María del Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Dende o ano 2020 o sector agrario galego e especialmente o sector cárnico sofre os efectos da crise causada pola pandemia da Covid e a posterior crise de prezos derivada dunha guerra ás portas de Europa. Nese marco de dificultade a Unión Europea e o Estado español puxeron en marcha multitude de medidas para axudar aos nosos produtores agrarios.

En Galicia os ditos produtores recibiron máis de 68 millóns de euros de axudas directas, 56,9 millóns de euros para os gandeiros de leite, sendo Galicia a comunidade máis beneficiada de toda España e 11,6 millóns para os gandeiros de carne. Ademais o Goberno de España activou axudas para paliar o incremento dos custes de fertilizantes que beneficiaron a 2.400 explotacións galegas nunha contía de 1,3 millóns de euros, negociou en Europa a autorización do uso de fondos Feader para apoiar ás explotacións e empresas polo incremento de custes que fai que en Galicia se poidan convocar axudas por uns 17 millóns de euros, activou a rebaixa de 20 cms/l do combustible, a rebaixa do IRPF en estimación directa, o incremento das axudas para a contratación de seguros, axudas para a bonificación de créditos ou a exención do IBI rústico aos propietarios de explotacións que teñan reducións significativas do rendemento da súa actividade.

A última medida do Goberno do Estado para axudar aos gandeiros foi a publicación do Decreto que activa unha nova liña de axudas para as explotacións polos efectos da seca que suporán a chegada de 10,5 millóns de



euros a Galicia, que é a sétima comunidade autónoma que recibe un maior importe de todo o Estado.

Neste escenario de crise internacional, o 24 de marzo de 2022 despois da celebración do Consello da Xunta, o ex-Presidente se comprometía a apoiar aos sectores agrarios con fondos propios na mesma cantidade que aportara o Estado. Pero a pesar das promesas realizadas e as iniciativas presentadas polo noso grupo, o Goberno galego non cumpriu e non destinou nin un só euro de fondos propios ás axudas directas comprometidas en todo o 2022.

Mentres o sector da carne, tanto sexa de vacún como doutros sectores cárnicos como o avícola, cunícula e porcino foron os que máis sufrían os efectos dunha crise xa estrutural e agravada pola crise da pandemia e a posterior derivada dos prezos da enerxía e as materias primas, o Goberno galego non cumpría coa promesa de axudar a este sector esencial para a loita contra o abandono do rural e os lumes forestais.

Neste mes de abril de 2023, os produtores de Ternera Galega Suprema se manifestaban ás portas de Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo pedindo axuda para que se lles pague un prezo xusto pola carne que producen. Unhas mobilizacións nas que atopamos a participación activa dos máximos representantes do Partido Popular de Lugo.

O conselleiro do Medio Rural reuniuse cos gandeiros concentrados e acordou con eles habilitar unha partida de 12 millóns de euros en axudas directas da Xunta de Galicia para complementar nun euro por quilo de carne o prezo actual dos tenreiros que situaban no entorno dos 5,60 euros/Kg. Unha medida que o conselleiro enmarcou “no compromiso do Goberno galego para que non se perdan explotacións de vacún de carne en extensivo pola situación insostible de incremento dos custos de produción sen que o prezo sexa capaz de compensalo”



Esta axuda extraordinaria, que prometeron dende a Consellería do Medio Rural que chegaría este ano ás explotacións, estableceron que non se pagaría por vaca de cría nin por número de hectáreas, senón por quilo de carne certificada dentro da IGP Tenreira Galega Suprema. Unha axuda en función dos quilos de carne certificados por cada gandaría dentro da IGP Tenreira Galega Suprema e que anunciaron que se prolongaría por un mínimo de dous anos.

Despois de observar o incumprimento da promesa do Goberno galego aos sectores agrarios en marzo do ano 2022, no que non destinaron nin un só euro de axudas con fondos propios ao sector, asistimos a unha nova promesa de axudas directas realizada a poucas datas da celebración das eleccións municipais deste 2023. A credibilidade do Goberno galego é pouca e se existe esa preocupación real polo sector de carne de vacún e o seu futuro, deberían de implementar con axilidade as axudas prometidas para paliar a preocupante situación que viven as explotacións de carne de vacún de Galicia e facelo para todos os produtores, non só os de “suprema”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a implementar con axilidade unha partida de 12 millóns de euros de fondos propios do Goberno galego e con ela convocar a liña de axudas directas aos produtores de tenreira galega de un euro por quilo de carne certificada, tal e como anunciaron despois das mobilizacións dos produtores de vacún de carne ás portas da Delegación Territorial de Lugo da Xunta de Galicia.

Parlamento de Galicia, 14 de xuño de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2023 10:25:41
Nº Rexistro: 54478
Data envío: 15/06/2023 10:25:41.441

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 14/06/2023 17:02:44

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/06/2023 17:03:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/06/2023 17:03:32

CSV: BOPGDSPG-B3EibOqf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
197580

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a liña de subvencións anunciada polo goberno galego que se enmarca dentro do Programa “Xacobeo Xove” e o modelo turístico galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros de maio o Presidente da Xunta de Galiza anunciou a posta en marcha para o mes de xullo do presente ano do programa de subvencións denominado “Bono Xove Xacobeo”. Unha liña de axudas que, segundo o goberno galego, dirixírase ás mozas e mozos que dispoñan do Carné Xove (e polo tanto menores de 30 anos) e estaría dotado con 500 euros, dos que 200 serían aportados pola Xunta de Galiza.

As persoas beneficiarias deste bono deberán aloxarse un mínimo de catro noites en establecementos turísticos do Camiño de Santiago, contratando un paquete quen tería ese desconto de 200 euros sobre o custe total e que, polo tanto, cubriría entre o 40 e o 50% do importe global. Segundo o goberno galego, con este programa preténdese “impulsar medidas para consolidar Galiza como un destino seguro e sostible que dá resposta ás demandas dos viaxeiros actuais que apostan por lugares menos masificados”.

Este anuncio amosa que a Xunta de Galiza segue a insistir en fomentar un modelo turístico absolutamente xacobeo-centrista, que impide xestionar e aproveitar os moitos recursos turísticos do noso país, tal e como esixiría un modelo realmente



sostible. Un modelo que para ser realmente sostible precisa dunha necesaria e auténtica diversificación da oferta turística, e por ende, da reformulación do Xacobeo.

Desde o goberno galego empréganse como mantras termos como “turismo de natureza”, turismo “de espazos abertos” ou “non masificados” mentres a realidade turística do noso país vén definida por outros termos como a xentrificación (con epicentro en Santiago de Compostela, pero que xa se estende a moitas vilas costeiras das Rías Baixas e Altas) ou o “turismo Low Cost”.

Un modelo que prima o cuantitativo sobre o cualitativo, afastándose do obxectivo de contar na Galiza cun sector turístico forte, profesionalizado, que tenda á excelencia e que permita por en valor a calidade da ofertado polos nosos profesionais. Un modelo, o do Partido Popular, que nega unha premisa básica e fundamental cando falamos de turismo: que se trata dunha actividade económica, que para ser sostible, debe ter en contra sempre o retorno económico.

A liña de subvencións anunciada polo goberno galego no marco do programa “Xacobeo Xove” exemplifica esa concepción limitante, limitada e interesada do turismo que defende o Partido Popular, e perpetúa un modelo que adoece da máis mínima planificación do retorno económico.

Un modelo que, ademais, opaca (cando non anula), as inmensas potencialidades do sector na Galiza, que van moito máis aló da excelente marca turística que constitúe o “Xacobeo” e os “Camiños de Santiago”.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- No relativo a actuacións e actividades relacionadas co turismo, articular liñas de axuda que permitan medir o retorno económico do invertido.
- Apostar polo turismo como unha actividade transversal, dándolle un papel principal nas estruturas de planificación e ordenación territorial, urbanística, paisaxística e incluso económica.
- Apostar por un modelo turístico realmente sustentable e xerador de riqueza, que aposte pola profesionalización do sector, que se caracterice pola excelencia e a posta en valor dos nosos recursos turísticos.
- Apostar pola planificación e diversificación da oferta turística de xeito que potenciar un modelo máis distributivo e xusto, co conxunto do territorio e cos recursos turísticos cos que contamos no país, que xere emprego estable e non precarizado.
- Reformular do Xacobeo levando a cabo unha planificación e un investimento económico maior no turismo cultural, urbano, patrimonial ou de ordenación de espazos, con actuacións que melloren ao tempo as infraestruturas e o nivel de vida da poboación local.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Ramón Fernández Alfonzo
Carmela González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/06/2023 12:30:59

Carmela González Iglesias na data 15/06/2023 12:31:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/06/2023 12:31:10

Daniel Pérez López na data 15/06/2023 12:31:20





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O conxunto do Sistema Nacional de Saúde está a sufrir un importante problema referente ao déficit de médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria.

Isto non é algo novo, posto que xa quedara de manifesto en abril do ano 2018 no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no que se aprobaron por unanimidade uns acordos xurdidos dun grupo de traballo sobre o déficit de especialistas creado a tal efecto polo goberno de Mariano Rajoy.

No 2022 fíxose público o “Informe Oferta-Necesidad de Especialistas Médicos 2021-2035”, presentado polo propio Ministerio de Sanidade no Pleno da Comisión de Recursos Humanos del Sistema Nacional de Salud, no que se volvía a identificar a especialidade de medicina familiar e comunitaria como a especialidade con peores prognósticos de déficit.

Pasaron xa seis anos sen que dende o Ministerio de Sanidade completara ningunha reforma para dar solución a este déficit, evitando tomar as medidas urxentes que dende as comunidades autónomas se esixiron de maneira reiterada.





Ante a desidia por parte do Goberno Central, Galicia e País Vasco impulsaron un manifesto cunha serie de medidas urxentes en materia de atención primaria ó que se uniron cinco comunidades autónomas máis e que foi referendado pola maioría do Congreso dos Deputados, a pesar do cal foi ignorado polo Goberno.

Mentres tanto, seguen a pasar os anos sen que se aborde a nivel nacional o déficit de especialistas en medicina de familia, tal e como o PSOE reclamaba antes de estar no Goberno.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España:

1. Que reforme o sistema de elección de prazas de formación sanitaria especializada para a convocatoria do ano 2024, garantindo ás persoas aspirantes un coñecemento en tempo real das prazas dispoñibles e eliminando a nota de corte que limita o acceso de titulados á formación dunhas prazas para especialidades nas que o Sistema Nacional de Salud necesita novos profesionais.
2. Que acelere a tramitación da creación do Título en Especialista de Urxencias e Emerxencias para que se poidan incluír pazas formativas da devandita especialidade na oferta de formación sanitaria especializada de 2024 e evitar así obrigar aos aspirantes que queiran traballar nas urxencias a ocupar prazas formativas na especialidade de medicina familiar.
3. Que remate a trámite da nova normativa de requisitos de acreditación de unidades docentes na especialidade de medicina de familia, flexibilizando os mesmos tal e como estaba comprometido desde o ano 2018, para que eses

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





novos requisitos estean vixentes ante a convocatoria de formación sanitaria especializada de 2024.

4. Que facilite os trámites oportunos para que, nestas novas condicións, poidan acreditarse e ofertarse ata 1.000 prazas formativas de medicina de familia máis en toda España, para o que cómpre facer posible a ampliación sobrevida da oferta de formación sanitaria especializada a medida que se acrediten novas prazas.
5. Que tome as medidas para facer operativo e manter completo e actualizado o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios, de xeito que poda servir como instrumento útil para planificar no futuro as necesidades de formación de especialistas no Sistema Nacional de Saúde.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/06/2023 16:15:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/06/2023 16:15:48

José Alberto Pazos Couñago na data 15/06/2023 16:16:02

María Corina Porro Martínez na data 15/06/2023 16:16:19

Noelia Pérez López na data 15/06/2023 16:16:33

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 15/06/2023 16:16:58

López Sánchez, Rosalía na data 15/06/2023 16:17:11

Raquel Arias Rodríguez na data 15/06/2023 16:17:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

ASPANAS é unha asociación de familiares de persoas con discapacidade intelectual de Ourense. Esta entidade sen ánimo de lucro creouse no ano 1966 e foi declarada de interese público en 1970.

Na actualidade contan con problemas urxentes nas súas instalacións, xa que se atopan ao límite da habitabilidade tendo en conta as temperaturas extremas que caracterizan a Ourense. Por esta e outras causas, ASPANAS elaborou un proxecto no que se detallan as necesidades urxentes para que as persoas usuarias poidan vivir en condicións dignas dentro das propias instalacións. Solicitude que presentou ante a Xunta de Galicia por rexistro electrónico con data 4 de outubro do 2022.

Esta circunstancia unida aos retrasos do CAPD, fai que as persoas con discapacidade na provincia de Ourense teñan un baleiro de atención respecto aos seus dereitos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente que se prioricen as políticas de atención para as persoas con discapacidade na provincia de Ourense.

Por unha banda apoiando dende a Consellería de Política Social o proxecto urxente que requiren as instalacións de ASPANAS, e por outra axilizando as



obras do CAPD e garantindo publicamente a futura xestión pública e directa do centro tal e como prometeu a Xunta no acordo asinado no 2016.

Ademais é importante que a cidadanía galega coñeza con detalle a xestión dos fondos europeos respecto ao reparto que fai a Xunta de Galicia. Xa que, por exemplo, no ámbito da discapacidade parece que hai lugares que recibiron importantes fondos que non poden executar por outro tipo de impedimentos que deberan ser coñecidos con antelación. Polo que de ser así, o Goberno galego debера informar de todos os detalles e de como o resolverán.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Política Social, se inicie de xeito urxente as medidas necesarias para executar as melloras que se precisan nas infraestruturas de ASPANAS mediante o proxecto presentado polo centro para blindar a dignidade das persoas con discapacidade usuarias do mesmo.

Santiago de Compostela, 15 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 15/06/2023 17:01:35

Julio Torrado Quintela na data 15/06/2023 17:01:45





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2023 17:04:55
Nº Rexistro: 54498
Data envío: 15/06/2023 17:04:55.363

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/06/2023 17:01:53

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO8qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
197590

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez e Carmela González Iglesias** e deputados **Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á persistencia de déficits de persoal nos PACs das áreas sanitarias Pontevedra-Salnés e Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo estase a producir unha situación moi preocupante nos Puntos de Atención Continuada (PAC) da área sanitaria de Vigo e Pontevedra-Salnés, con “descubertos” de persoal médico en moitos centros.

Os PAC son centros que deben asegurar a atención urxente entre as 15:00 e as 8:00 horas en días laborábeis e de 8:00 a 8:00 durante as fins de semana e os festivos, polo que son considerados servizos esenciais.

O BNG ven denunciando esta problemática dende hai tempo, tendo sido o verán do 2022 especialmente grave, ao terse producido situacións de quendas enteiras nas que moitos PAC estiveron sen ningún médico, e todo indica que este verán vai repetirse a situación.

É lamentábel que a pesares da persistencia do problema a Xunta non tome as medidas estruturais para solucionalo e persista no deterioro das condicións de traballo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nos PAC, convertendo en norma que teñan menos persoal do que está establecido, cunha repercusión directa na peor atención sanitaria urxente á poboación.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Garantir que nos PACs presten atención sanitaria equipos completos de profesionais, no número preciso acorde á poboación de referencia, formados por persoal facultativo, enfermería e celadoras/es ou PSX tal como establece a normativa e os acordos asinados c@s profesionais.

2.- Presentar de inmediato no Parlamento Galego un plan específico que contemple as medidas estruturais para solucionar os déficits permanentes nos PAC das Áreas Sanitarias de Pontevedra-Salnés e Vigo.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/06/2023 17:41:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/06/2023 17:41:48

Carmela González Iglesias na data 15/06/2023 17:41:58

Alexandra Fernández Gómez na data 15/06/2023 17:42:07

María Montserrat Prado Cores na data 15/06/2023 17:42:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a atender a petición da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia de declarar o 12 de xaneiro como “Día da Morte Digna en Galiza”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia puxéronse en contacto cos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza para facernos chegar o manifesto que a continuación transcribimos solicitando sexa atendida a súa demanda de recoñecemento do 12 de xaneiro como “Día da Morte Digna en Galiza”.

“No 2023 cumpríranse 25 anos da morte de Ramón Sampedro, referente fundamental na loita pola morte digna. Durante estes anos, cada 12 de xaneiro, promovido por familiares, amigos e DMDG (asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia), veuse celebrando na praia das Furnas (Xuño-Porto do Son) o acto no seu recordo e en defensa do dereito das persoas a decidir libremente sobre a súa forma de morrer e a recibir axuda para elo (o dereito á eutanasia).

En decembro de 2018, no vixésimo aniversario da súa morte, en declaración pública, DMDG fai referencia a el como “paradigma da loita polo dereito a dispoñer da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propia vida”, e por acordo da súa Asemblea Xeral propón o 12 de xaneiro como Día da Morte Digna en Galiza.

En xaneiro de 2019 a Xunta de Voceiros da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), mediante unha declaración institucional, manifestou o seu apoio á proposta de DMDG para o recoñecemento do 12 de xaneiro como Día da Morte Digna en Galiza, e propuxo medidas para favorecer a expresión da vontade das persoas mediante as instrucións previas, a información, e a coordinación institucional, salientando en especial a importancia das actuacións “no mundo rural”.

Nestes 25 anos a sociedade avanzou na súa transformación, no recoñecemento da súa pluralidade moral e na secularización da vida e a conciencia social, no desenvolvemento de dereitos, na creación de recursos públicos, no funcionamento democrático das institucións, no recoñecemento e respecto á autonomía das persoas, e nos recursos tecnolóxicos. Eses progresos víronse reflectidos nas leis que recoñecen e protexen os dereitos das persoas ante as necesidades propias da etapa final da vida. En particular, así se observa na Lei 5/2015 de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais da Comunidade Autónoma de Galiza, que fai referencia na súa motivación a como a “...progresiva toma de conciencia da propia autonomía das persoas e o desexo de tomar decisións relativas á súa saúde, enfermidade e morte calou na conciencia colectiva”, e se expresa que “...o respecto á liberdade da persoa e aos dereitos dos pacientes adquire unha especial relevancia no marco das relacións asistenciais...”.

Á súa vez, a Lei Orgánica 3/2021 de regulación da eutanasia, asentada sobre “...a compatibilidade duns principios esenciais que son baseamento dos dereitos das persoas...introduce no noso ordenamento xurídico un novo dereito individual como é a eutanasia”, respondendo así, entre outras cousas, á demanda da sociedade actual, aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cambios sociais antes citados, e ao “...debate que se aviva periodicamente por mor de casos persoais que conmoven á opinión pública”, regulándose en consecuencia “o dereito das persoas a solicitar a prestación de axuda para morrer” en determinadas situacións. Atopámonos ao comezo dunha nova etapa, na que a sociedade vai incorporando con normalidade o novo dereito, e na que cómpre avanzar no recoñecemento de que “...a naturalidade da morte e procurar a paz ao final da vida deben entenderse como elementos do noso patrimonio institucional...”, tal como se recolle na citada Lei 5/2015. Deben entón, como responsabilidade de toda a sociedade e moi especialmente das súas institucións, promoverse as accións necesarias para avanzar na morte digna, que ten o seu sustento no respecto á autonomía e liberdade das persoas, mediante: a atención ás súas necesidades na etapa final da vida (en particular, o acceso a coidados paliativos), o coidado de quen forman parte do seu mundo afectivo, a dotación dos recursos sociais e sanitarios para prestar esas atencións, a sensibilización da sociedade, a formación, o coñecemento da realidade actual de como ocorre a morte, a promoción do uso dos recursos previstos para a expresión da vontade das persoas (testamento vital/instrucións previas), e a presenza pública superadora do tabú a través da información e a acción artística e cultural.

Cómpre avanzar no respecto, atención e coidado ás persoas no seu morrer, para que o final da vida sexa máis acorde coa súa normalidade e inevitabilidade, e menos cargado de temor, escurantismo e sufrimento.”

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fai propio o manifesto e a petición que nos traslada a Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia, motivo polo cal presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

“O Parlamento de Galiza, atendendo a demanda da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia, insta ao Goberno galego a:

-Que o día 12 de xaneiro sexa recoñecido como o Día da Morte Digna en Galiza.

-Comprometerse a contribuír á defensa e protección da dignidade das persoas no final da vida, adoptando as medidas oportunas para tal fin.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/06/2023 17:55:04

Iria Carreira Pazos na data 15/06/2023 17:55:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 15/06/2023 17:55:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando está a punto de finalizar o curso escolar, a Xunta comunicou a decisión unilateral de pechar a actividade lectiva presencial en tres ciclos formativos de FP do CIFP A Xunqueira de Pontevedra, correspondentes á especialidade de servizos á comunidade. Trátase do ciclo básico de Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios e os superiores de Integración Social e de Promoción da Igualdade de Xénero.

A decisión da Xunta supón o peche de seis aulas, dúas por ciclo, e implica que 75 alumnas non poderán continuar os seus estudos de xeito presencial. A medida tamén suporá unha redución de profesorado.

Segundo a comunidade escolar do centro, o anuncio da consellaría causará un grave prexuízo para a mocidade da zona, que queda sen opcións para cursar estes ciclos de xeito presencial e terá que acollerse á modalidade a distancia ou ir a un centro privado.

Trátase dunha medida claramente regresiva, extemporánea, inxusta e contraria aos avances do feminismo e dos coidados. Estamos a falar ademais de especialidades con alumnado maioritariamente feminino, con demanda laboral e con listaxes de agarda.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Con esta decisión, e outras semellantes que se anunciaron para outros centros de FP, a Xunta aposta pola precarización e a privatización. Semella un contrasentido e unha volta atrás que se fomente a docencia telemática de servizos á comunidade, unha especialidade na que ten todo o sentido que haxa presencialidade, interacción e socialización entre profesorado e alumnado. Cómpre ademais ter en conta a importancia, nestas etapas educativas, da realización de actividades complementarias, coa visita ao centro de persoas expertas, así como o traballo e a aprendizaxe cooperativa e en equipo.

Diante desta decisión da Consellaría, a comunidade escolar manifestou o seu desacordo e anunciou unha serie de iniciativas para demandar que a Xunta reconsidere o acordo. Pola súa parte a CIG Ensino tamén denunciou as medidas adoptadas polo goberno no ámbito galego e pediu o cesamento da Directora Xeral de FP.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a deixar sen efecto a decisión de supresión do ensino presencial nos seguintes ciclos formativos que se viñan ofertando no CIFP A Xunqueira de Pontevedra: ciclo básico de Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios e ciclos superiores de Integración Social e de Promoción da Igualdade de Xénero.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/06/2023 18:16:38

Xosé Luis Bará Torres na data 15/06/2023 18:16:41



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Gonzalo Caballero Miguez, Marina Ortega Otero e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A suba dos prezos, que foi máis alta en Galicia que no conxunto do Estado, dificulta ás familias galegas manter a súa capacidade adquisitiva, ata o punto de que moitas delas teñen grandes dificultades para chegar a fin de mes. É por iso que o grupo socialista demandou e demanda ao goberno da Xunta un paquete de medidas económicas para dar apoio ás familias galegas, ao tempo que ten denunciado a falta de medidas da Consellería de Economía para apoiar ás familias de Galicia ante as dificultades existentes.

Mais dentro do conxunto das familias galegas, hai algunhas que teñen máis dificultades e que requiren dun plan de apoio específico pola súa vulnerabilidade. É o caso das familias que teñen integrantes con algún tipo de discapacidade, pois teñen que facer fronte a desembolsos adicionais como froito do crecemento dos prezos. A metade destas familias galegas chega a fin de mes con dificultades e, o que é máis grave, o 15,6% das mesmas non chegan a fin de mes. A situación de vulnerabilidade pode ser máxima.

Datos recentes estiman que o 80 % das familias galegas con integrantes que padecen algunha discapacidade tivo que recortar gastos no último ano: o 17,6 % destas familias optou por baixar os gastos en vivenda, subministros ou alimentos, mentres o 62,5 % reduciu en cuestións como compras ou ocio. Así o



conclúe un estudo da compañía Adecco, que tamén sinala que o 38,4 % destas familias carecen de calquera posibilidade de aforro.

O goberno da Xunta debería estudar a situación destas familias e tomar todas as medidas necesarias para apoialas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe detallado sobre as dificultades económicas derivadas da inflación no caso das familias galegas con integrantes que padezan algunha discapacidade e remitir ese informe ao Parlamento de Galicia.
2. Adoptar un paquete de medidas económicas extraordinarias para apoiar ás familias con integrantes con discapacidade que teñan dificultades para chegar a fin de mes como resultado do incremento de prezos, incluíndo un programa de axudas as familias máis vulnerables e medidas de apoio en función das necesidades das persoas con discapacidade.
3. Dotar a partida orzamentaria necesaria para executar o paquete de medidas económicas necesarias.

Santiago de Compostela, 14 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/06/2023 18:25:41





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2023 18:28:57
Nº Rexistro: 54522
Data envío: 15/06/2023 18:28:57.660

Marina Ortega Otero na data 15/06/2023 18:25:51

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/06/2023 18:26:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/06/2023 18:26:12

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO8qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
197604

@PSdeG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Castro García** e das deputadas **Carmela González Iglesias** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre a necesidade de manter a oferta educativa modular e ordinaria de forma presencial na Comarca de Ferrol.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada ante alarma creada na comunidade educativa da comarca de Ferrol diante dos recortes anunciados pola Consellaría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación volve dar mostra do seu talante autoritario nunha nova reordenación educativa unilateral. Desta volta a Consellería acaba de encamiñarlles aos centros unha proposta pechada de oferta formativa para o vindeiro curso académico consistente en promocionar a FP a distancia, incluso de forma parcial, chegando a substituír en moitos centros por esta modalidade a oferta modular ou mesmo ordinaria presencial.

De feito, na comarca de Ferrol, os ciclos que pasan a ser a distancia cando o curso pasado impartíronse en presencial son os seguintes, no CIEP LEIXA o CS Promoción de igualdade de xénero, e no CIEP RODOLFO UCHA PIÑEIRO, o CM





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestión Administrativa, o CM Sistemas microinformáticos e redes, o CS Desenvolvemento de aplicacións web, o CS Administración e finanzas, e o CS xestión de vendas e espazos comerciais, asemade toda a oferta de adultos deste centro vai ser dual ou a distancia.

Ao mesmo tempo que o Partido Popular recorta a calidade e a oferta educativa na FP, nomeadamente naquelas familias vinculadas como Servizos Socioculturais e á Comunidade, Administración e Xestión, e Informática e Comunicacóns, volve sorprendernos coa autorización desta formación profesional en centros de titularidade privada.

Á aposta pola modalidade dual, que segue sen atender a demanda do tecido empresarial nalgúns familias profesionais, súmaselle agora a devaluación da calidade da formación ao renunciar á presencialidade e impor a modalidade online que é fundamental na relación ensino-aprendizaxe e aínda máis nos estudos de carácter máis técnico ou práctico.

A Consellería está actuando de forma premeditada para ir desmantelando estas ensinanzas en Galiza nun momento en que debían ser potenciadas e reforzadas, tal e como están manifestando alumnado e profesorado dos diferentes centros educativos do país, así como organizacións sindicais que mesmo demandan a demisión ou cesamento da Directora xeral de FP.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a manter a docencia presencial na oferta modular e ordinaria da FP da comarca de Ferrol, así como a consensuar cos centros e o profesorado a oferta educativa de cada centro.”

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Castro García

Carmela González Iglesias

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 19/06/2023 13:42:32

Daniel Castro García na data 19/06/2023 13:42:54

Carmela González Iglesias na data 19/06/2023 13:43:02

Mercedes Queixas Zas na data 19/06/2023 13:43:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2023 13:50:36
Nº Rexistro: 54614
Data envío: 19/06/2023 13:50:36.249

Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2023 13:43:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos, Rosana Pérez Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á cobertura da praza, nas mesmas condicións, do facultativo do centro de saúde de Lousame xubilado recentemente.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a cobertura da praza de facultativo no centro de saúde de Lousame.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O centro de saúde de Lousame contaba con tres profesionais de medicina familiar, un dos cales causou baixa por xubilación hai poucas semanas e foi substituído por outra persoa, mais non de xeito permanente.

Nestes últimos días, no centro xa non expiden citas aos e ás pacientes para esa profesional porque deixou de atender no mesmo. A información que reciben eses usuarios e usuarias é que se levará a cabo de novo a substitución, supoñemos que polo incremento de poboación nas datas estivais nese concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, os arredor de 1.400 pacientes asignados á profesional que substituíra á persoa xubilada repártense entre os outros dous médicos do centro que, á súa vez, teñen outros tantos cada un. E, segundo parece, así ata o mes de xullo, cando tampouco hai garantías de que se cubra a praza nin hai información de se se vai cubrir parcial ou totalmente.

Unha vez máis, a Consellería de Sanidade desatende ás persoas que acoden á sanidade pública, esta vez nun concello rural con 86 núcleos de poboación dispersos por todo o termo municipal, apenas 3.400 habitantes, cunha media de idade de 51 anos e onde as persoas maiores de 65 anos son o 31,2% do total, e cuxa renda media dispoñíbel bruta anual (2021) por habitante é a máis baixa da comarca de Muros e Noia (11.828 euros).

Un concello, pois, cunhas características xeográficas, demográficas e sociais que necesita, en moita maior medida que outros, unha atención e uns servizos públicos, nomeadamente sanitarios, de calidade, próximos, que se presten sen demoras e non obriguen á súa poboación a desprazamentos constantes a outros municipios.

A falta dun médico de familia, dos tres que deberían prestar servizo no centro de saúde de Lousame, está a provocar importantes retrasos nas citas, cambios constantes para os usuarios e usuarias e está a supoñer, ademais, un maior esforzo e sobrecarga para os dous profesionais restantes. A consecuencia é unha peor calidade asistencial e, en definitiva, unha deficiente atención sanitaria á poboación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

- Levar a cabo, de xeito inmediato, a cobertura da praza do facultativo xubilado recentemente no centro de saúde de Lousame nas mesmas condicións que se viña prestando ata que causou baixa: Ininterrumpidamente, a diario e a xornada completa
- Facilitar toda a información posíbel aos e ás pacientes dese profesional sobre a previsión de cobertura desa praza.”

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/06/2023 17:03:16

Iria Carreira Pazos na data 19/06/2023 17:03:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/06/2023 17:03:43

Rosana Pérez Fernández na data 19/06/2023 17:03:54



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O Concello de Baiona presentaba un proxecto no marco do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino dirixido a cascos históricos e vilas termais, dentro da convocatoria de fondos europeos Next Generation EU. O proxecto consistía en revitalizar o casco histórico desta vila, embelecendo a zona monumental, dixitalizala e mellorar os servizos, esta proposta estaba presupostada en 2,1 millóns de euros.

O proxecto divídese en catro áreas estratéxicas:

1. Transición verde e sostible: inclúe a reforma e reurbanización de diferentes prazas do centro histórico; a posta en valor da rúa do Conde (o trazado do Camiño de Santiago), a restauración da contorna da Santísima Trinidad, e as melloras na rede de saneamento e recollida de augas (Conde, Ventura Misa, Xogo da Bola, Lorenzo de la Carrera, Do Reloxo, Diego de Carmona, San Lorenzo, San Xoán, Manuel Valverde e rúa Igrexa).
2. Eficiencia enerxética: rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética en diversos edificios da vila, actuación na estrada do Cochiño, e actuacións de fomento da peonalización de diversas rúas.



3. Transición dixital: despregamento de fibra óptica, introdución de sensores (control dixital de acceso ao casco), despregamento de redes wifi municipais, e dixitalización de recursos patrimoniais e culturais.

4. Competitividade: recuperación do comercio tradicional, da artesanía e dos produtos locais; soterramento do cableado aéreo; mellora da accesibilidade coa eliminación de barreiras arquitectónicas (Porta da Vila, Barrio de A Laxe, Santísima Trinidad); eliminación de graffitis, e campañas de concienciación sobre turismo sostible para residentes e visitantes.

Á hora de cualificar este proxecto, prodúcese unha situación totalmente anómala, mentres a Secretaría de Estado de Turismo outorga 76 puntos ao Concello de Baiona e a Federación Galega de municipios e provincias 72 puntos, por encima da puntuación mínima de 70 puntos para poder optar á convocatoria, a representación da Xunta de Galicia só asigna 63 puntos, por baixo dese mínimo. O que significa non poder optar a esta convocatoria de fondos europeos grazas a puntuación da Xunta de Galicia. O Goberno galego pretendía deixar fóra desta convocatoria o proxecto do Concello de Baiona outorgándolles unha baixa puntuación, acadando o seu obxectivo de que Baiona non optase a esta convocatoria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Explicar a puntuación outorgada ao proxecto do Concello de Baiona no marco do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino dentro da convocatoria de fondos europeos Next Generation EU.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2023 12:17:15
Nº Rexistro: 54296
Data envío: 12/06/2023 12:17:15.281

Santiago de Compostela, 8 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/06/2023 12:12:06

Martín Seco García na data 12/06/2023 12:12:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/06/2023 12:12:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/06/2023 12:12:37

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO8qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

197615

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Ourense sufriu nas últimas semanas tormentas que causaron diversos danos tanto en infraestruturas como pondo en perigo colleitas de uva e pataca.

As comarcas máis afectadas pola sarabia e choiva foron Monterrei, O Ribeiro e A Limia. Tanto produtores de viño, como de patacas, así como as plantacións de calquera tipo de hortaliza están a sufrir graves danos.

A sarabia afectaba ademais da comarca da Limia as D.O Ribeiro e Monterrei, concretamente na comarca do Ribeiro nas zonas de Castrelo de Miño, Beade, San Cristovo, Cenlle e Boborás e en Monterrei as zonas máis afectadas eran Mourazos e Tamagos.

Outro factor a ter en conta é a afectación da humidade provocada por estas condicións climáticas e poderían traer a aparición de enfermidades fúngicas.

Por outra banda as inundacións e correntes de terra danaron infraestruturas, camiños, estradas, construcións públicas e propiedades privadas, polo que é preciso actuar canto antes para restablecer a normalidade.



A limpeza e mantemento dos leitos dos ríos e as súas zonas próximas, segundo o acervo normativo de España, corresponde aos concellos e ás restantes entidades locais. Tamén é responsabilidade municipal a restauración da normalidade, no caso de episodios de riadas e outras situacións de emerxencia similares. Pero a inmensa maioría de entidades locais da nosa provincia, por ser concellos de pequenas dimensións, carecen de capacidade económica e loxística para afrontar tarefas tan complexas. Polo de agora e a pesar de non contar, na maioría de casos, con recursos propios dabondo para afrontar estas situacións, os concellos están asumir a desfeita en solitario, despregando todos os seus esforzos para minimizar o impacto das inundacións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a actuar con premura para axilizar a cuantificación dos danos provocados polas tormentas acaecidas na primeira semana de xuño na provincia de Ourense, e o pagamento das correspondentes axudas económicas aos colectivos afectados.

Santiago de Compostela, 8 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/06/2023 12:15:28





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2023 12:18:18
Nº Rexistro: 54301
Data envío: 12/06/2023 12:18:18.203

Marina Ortega Otero na data 09/06/2023 12:15:41

Eduardo Ojea Arias na data 09/06/2023 12:15:52

Martín Seco García na data 09/06/2023 12:15:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/06/2023 12:16:11

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO0qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
197618

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A provincia de Ourense sufriu nas últimas semanas tormentas que causaron diversos danos tanto en infraestruturas como pondo en perigo colleitas de uva e pataca.

As comarcas máis afectadas pola sarabia e choiva foron Monterrei, O Ribeiro e A Limia. Tanto produtores de viño, como de patacas, así como as plantacións de calquera tipo de hortaliza están a sufrir graves danos.

A sarabia afectaba ademais da comarca da Limia as D.O Ribeiro e Monterrei, concretamente na comarca do Ribeiro nas zonas de Castrelo de Miño, Beade, San Cristovo, Cenlle e Boborás e en Monterrei as zonas máis afectadas eran Mourazos e Tamagos.

Outro factor a ter en conta é a afectación da humidade provocada por estas condicións climáticas e poderían traer a aparición de enfermidades fúngicas.

Por outra banda as inundacións e correntes de terra danaron infraestruturas, camiños, estradas, construcións públicas e propiedades privadas, polo que é preciso actuar canto antes para restablecer a normalidade.



A limpeza e mantemento dos leitos dos ríos e as súas zonas próximas, segundo o acervo normativo de España, corresponde aos concellos e ás restantes entidades locais. Tamén é responsabilidade municipal a restauración da normalidade, no caso de episodios de riadas e outras situacións de emerxencia similares. Pero a inmensa maioría de entidades locais da nosa provincia, por ser concellos de pequenas dimensións, carecen de capacidade económica e loxística para afrontar tarefas tan complexas. Polo de agora e a pesar de non contar, na maioría de casos, con recursos propios dabondo para afrontar estas situacións, os concellos están asumir a desfeita en solitario, despregando todos os seus esforzos para minimizar o impacto das inundacións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a actuar con premura para axilizar a cuantificación dos desperfectos provocadas polas tormentas acaecidas na primeira semana de xuño na provincia de Ourense, e o pagamento das correspondentes axudas económicas aos colectivos afectados.

Santiago de Compostela, 8 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2023 12:18:30
Nº Rexistro: 54302
Data envío: 12/06/2023 12:18:30.718

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 09/06/2023 12:14:25

Marina Ortega Otero na data 09/06/2023 12:14:36

Eduardo Ojea Arias na data 09/06/2023 12:14:48

Martín Seco García na data 09/06/2023 12:14:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/06/2023 12:15:08

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO0qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
197621

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, María González Albert e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o Estatuto das mulleres do rural e o Proxecto de Lei de igualdade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza, aprobado polo Consello da Xunta de Galiza na súa reunión do día 19 de maio do 2023, está en proceso de trámite no Parlamento Galego, e como non podía ser de outro xeito recibirá as emendas correspondentes por parte dos distintos grupos políticos con representación parlamentaria.

Isto non quita que nesta Comisión 7ª se fale polo miúdo do relativo ao Estatuto das mulleres rurais e do mar que se recolle non seu título V, que sen dúbida para as mulleres que vivimos e sentimos o rural creou unhas expectativas que non se ven recollidas ou cumpridas no seu texto, facéndoo máis ben parecido aos diversos plans de igualdade da secretaría de igualdade que adoecen de falta de concreción e obxectivos temporais claros, quedando en auténticos desideratums que non serviron para cambiar a realidade das mulleres do noso país.

Podemos alegar en primeiro lugar que se mesturen as mulleres que se dedican a sectores primarios tan dispares como son as adicadas ao rural e ao mar, xa que sofren situacións radicalmente diferentes, estando o sector do mar moito máis industrializado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que o sector rural entre outras cousas, xa que tamén o medio no que viven é moi diferente e polo tanto as dificultades ou desigualdades coas que tropezan tamén serán de diferente índole.

As mulleres que viven das actividades pesqueiras e os seus procesos son mariscadoras, redeiras, vendedoras de pescado, traballadoras nas conserveiras e tamén unha parte aínda que sexa menor, pescadoras, aquí é o sector o que determina a clasificación como mulleres do mar.

As mulleres que viven no rural poden non vivir del e máis compartir problemáticas parellas por ser mulleres, das que viven do sector primario é máis difícil a súa cuantificación xa que moitas delas aínda fan labores profesionais sen ter filiación á SS, é dicir, “informais” sendo, é certo, cada vez menos. Hai moitas outras mulleres que vivindo no rural se dedican ao emprendemento no sector terciario, sendo tamén traballadoras por conta allea dedicadas a actividades de transformación e venta dos produtos agrarios, de coidados, alimentación ou outros relacionados co comercio en xeral, etc. E non descubrimos nada novo se dicimos que aquí o que actúa como condicionante para a vida das mulleres non é somentes o sector senón que o é tamén o medio, o medio rural.

Esta axuda extraordinaria, que prometeron dende a Consellería do Medio Rural que chegaría este ano ás explotacións, estableceron que non se pagaría por vaca de cría nin por número de hectáreas, senón por quilo de carne certificada dentro da IGP Tenreira Galega Suprema. Unha axuda en función dos quilos de carne certificados por cada gandaría dentro da IGP Tenreira Galega Suprema e que anunciaron que se prolongaría por un mínimo de dous anos.

Despois de observar o incumprimento da promesa do Goberno galego aos sectores agrarios en marzo do ano 2022, no que non destinaron nin un só euro de axudas con fondos propios ao sector, asistimos a unha nova promesa de axudas directas realizada a poucas datas da celebración das eleccións municipais deste 2023. A credibilidade do Goberno galego é pouca e se existe esa preocupación real polo sector de carne de vacún e o seu futuro, deberían de implementar con axilidade as axudas prometidas para paliar a preocupante situación que viven as explotacións de carne de vacún de Galicia e facelo para todos os produtores, non só os de “suprema”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a implementar con axilidade unha partida de 12 millóns de euros de fondos propios do Goberno galego e con ela convocar a liña de axudas directas aos produtores de tenreira galega de un euro por quilo de carne certificada, tal e como anunciaron despois das mobilizacións dos produtores de vacún de carne ás portas da Delegación Territorial de Lugo da Xunta de Galicia.

Parlamento de Galicia, 14 de xuño de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2023 10:24:57
Nº Rexistro: 54477
Data envío: 15/06/2023 10:24:57.629

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 14/06/2023 17:00:43

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/06/2023 17:01:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/06/2023 17:01:27

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO8qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
197663

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a liña de subvencións anunciada polo goberno galego que se enmarca dentro do Programa “Xacobeo Xove” e o modelo turístico galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros de maio o Presidente da Xunta de Galiza anunciou a posta en marcha para o mes de xullo do presente ano do programa de subvencións denominado “Bono Xove Xacobeo”. Unha liña de axudas que, segundo o goberno galego, dirixirase ás mozas e mozos que dispoñan do Carné Xove (e polo tanto menores de 30 anos) e estaría dotado con 500 euros, dos que 200 serían aportados pola Xunta de Galiza.

As persoas beneficiarias deste bono deberán aloxarse un mínimo de catro noites en establecementos turísticos do Camiño de Santiago, contratando un paquete quen tería ese desconto de 200 euros sobre o custe total e que, polo tanto, cubriría entre o 40 e o 50% do importe global. Segundo o goberno galego, con este programa preténdese “impulsar medidas para consolidar Galiza como un destino seguro e sostible que dá resposta ás demandas dos viaxeiros actuais que apostan por lugares menos masificados”.

Este anuncio amosa que a Xunta de Galiza segue a insistir en fomentar un modelo turístico absolutamente xacobeo-centrista, que impide xestionar e aproveitar os moitos recursos turísticos do noso país, tal e como esixiría un modelo realmente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sostible. Un modelo que para ser realmente sostible precisa dunha necesaria e auténtica diversificación da oferta turística, e por ende, da reformulación do Xacobeo.

Desde o goberno galego empréganse como mantras termos como “turismo de natureza”, turismo “de espazos abertos” ou “ non masificados” mentres a realidade turística do noso país vén definida por outros termos como a xentrificación (con epicentro en Santiago de Compostela , pero que xa se estende a moitas vilas costeiras das Rías Baixas e Altas) ou o “turismo Low Cost”.

Un modelo que prima o cuantitativo sobre o cualitativo, afastándose do obxectivo de contar na Galiza cun sector turístico forte, profesionalizado, que tenda á excelencia e que permita por en valor a calidade da ofertado polos nosos profesionais. Un modelo, o do Partido Popular, que nega unha premisa básica e fundamental cando falamos de turismo: que se trata dunha actividade económica, que para ser sostible, debe ter en contra sempre o retorno económico.

A liña de subvencións anunciada polo goberno galego no marco do programa “Xacobeo Xove” exemplifica esa concepción limitante, limitada e interesada do turismo que defende o Partido Popular, e perpetúa un modelo que adoece da máis mínima planificación do retorno económico.

Un modelo que, ademais, opaca (cando non anula), as inmensas potencialidades do sector na Galiza, que van moito máis aló da excelente marca turística que constitúe o “Xacobeo” e os “Camiños de Santiago”.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- No relativo a actuacións e actividades relacionadas co turismo, articular liñas de axuda que permitan medir o retorno económico do invertido.
- Apostar polo turismo como unha actividade transversal, dándolle un papel principal nas estruturas de planificación e ordenación territorial, urbanística, paisaxística e incluso económica.
- Apostar por un modelo turístico realmente sustentable e xerador de riqueza, que aposte pola profesionalización do sector, que se caracterice pola excelencia e a posta en valor dos nosos recursos turísticos.
- Apostar pola planificación e diversificación da oferta turística de xeito que potenciar un modelo máis distributivo e xusto, co conxunto do territorio e cos recursos turísticos cos que contamos no país, que xere emprego estable e non precarizado.
- Reformular do Xacobeo levando a cabo unha planificación e un investimento económico maior no turismo cultural, urbano, patrimonial ou de ordenación de espazos, con actuacións que melloren ao tempo as infraestruturas e o nivel de vida da poboación local.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Ramón Fernández Alfonzo
Carmela González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/06/2023 12:29:21

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/06/2023 12:29:31

Carmela González Iglesias na data 15/06/2023 12:29:43

Ana Pontón Mondelo na data 15/06/2023 12:29:54





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O conxunto do Sistema Nacional de Saúde está a sufrir un importante problema referente ao déficit de médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria.

Isto non é algo novo, posto que xa quedara de manifesto en abril do ano 2018 no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no que se aprobaron por unanimidade uns acordos xurdidos dun grupo de traballo sobre o déficit de especialistas creado a tal efecto polo goberno de Mariano Rajoy.

No 2022 fíxose público o “Informe Oferta-Necesidad de Especialistas Médicos 2021-2035”, presentado polo propio Ministerio de Sanidade no Pleno da Comisión de Recursos Humanos del Sistema Nacional de Salud, no que se volvía a identificar a especialidade de medicina familiar e comunitaria como a especialidade con peores prognósticos de déficit.

Pasaron xa seis anos sen que dende o Ministerio de Sanidade completara ningunha reforma para dar solución a este déficit, evitando tomar as medidas urxentes que dende as comunidades autónomas se esixiron de maneira reiterada.





Ante a desidia por parte do Goberno Central, Galicia e País Vasco impulsaron un manifesto cunha serie de medidas urxentes en materia de atención primaria ó que se uniron cinco comunidades autónomas máis e que foi referendado pola maioría do Congreso dos Deputados, a pesar do cal foi ignorado polo Goberno.

Mentres tanto, seguen a pasar os anos sen que se aborde a nivel nacional o déficit de especialistas en medicina de familia, tal e como o PSOE reclamaba antes de estar no Goberno.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España:

1. Que reforme o sistema de elección de prazas de formación sanitaria especializada para a convocatoria do ano 2024, garantindo ás persoas aspirantes un coñecemento en tempo real das prazas dispoñibles e eliminando a nota de corte que limita o acceso de titulados á formación dunhas prazas para especialidades nas que o Sistema Nacional de Salud necesita novos profesionais.
2. Que acelere a tramitación da creación do Título en Especialista de Urxencias e Emerxencias para que se poidan incluír pazas formativas da devandita especialidade na oferta de formación sanitaria especializada de 2024 e evitar así obrigar aos aspirantes que queiran traballar nas urxencias a ocupar prazas formativas na especialidade de medicina familiar.
3. Que remate a trámite da nova normativa de requisitos de acreditación de unidades docentes na especialidade de medicina de familia, flexibilizando os mesmos tal e como estaba comprometido desde o ano 2018, para que eses

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



novos requisitos estean vixentes ante a convocatoria de formación sanitaria especializada de 2024.

4. Que facilite os trámites oportunos para que, nestas novas condicións, poidan acreditarse e ofertarse ata 1.000 prazas formativas de medicina de familia máis en toda España, para o que cómpre facer posible a ampliación sobrevida da oferta de formación sanitaria especializada a medida que se acrediten novas prazas.
5. Que tome as medidas para facer operativo e manter completo e actualizado o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios, de xeito que poda servir como instrumento útil para planificar no futuro as necesidades de formación de especialistas no Sistema Nacional de Saúde.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/06/2023 16:12:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/06/2023 16:13:16

José Alberto Pazos Couñago na data 15/06/2023 16:13:30

María Corina Porro Martínez na data 15/06/2023 16:13:44

Noelia Pérez López na data 15/06/2023 16:13:58

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 15/06/2023 16:14:13

López Sánchez, Rosalía na data 15/06/2023 16:14:27

Raquel Arias Rodríguez na data 15/06/2023 16:14:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Marina Ortega Otero** e **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

ASPANAS é unha asociación de familiares de persoas con discapacidade intelectual de Ourense. Esta entidade sen ánimo de lucro creouse no ano 1966 e foi declarada de interese público en 1970.

Na actualidade contan con problemas urxentes nas súas instalacións, xa que se atopan ao límite da habitabilidade tendo en conta as temperaturas extremas que caracterizan a Ourense. Por esta e outras causas, ASPANAS elaborou un proxecto no que se detallan as necesidades urxentes para que as persoas usuarias poidan vivir en condicións dignas dentro das propias instalacións. Solicitude que presentou ante a Xunta de Galicia por rexistro electrónico con data 4 de outubro do 2022.

Esta circunstancia unida aos retrasos do CAPD, fai que as persoas con discapacidade na provincia de Ourense teñan un baleiro de atención respecto aos seus dereitos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente que se prioricen as políticas de atención para as persoas con discapacidade na provincia de Ourense.

Por unha banda apoiando dende a Consellería de Política Social o proxecto urxente que requiren as instalacións de ASPANAS, e por outra axilizando as



obras do CAPD e garantindo publicamente a futura xestión pública e directa do centro tal e como prometeu a Xunta no acordo asinado no 2016.

Ademais é importante que a cidadanía galega coñeza con detalle a xestión dos fondos europeos respecto ao reparto que fai a Xunta de Galicia. Xa que, por exemplo, no ámbito da discapacidade parece que hai lugares que recibiron importantes fondos que non poden executar por outro tipo de impedimentos que deberan ser coñecidos con antelación. Polo que de ser así, o Goberno galego debera informar de todos os detalles e de como o resolverán.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Política Social, se inicie de xeito urxente as medidas necesarias para executar as melloras que se precisan nas infraestruturas de ASPANAS mediante o proxecto presentado polo centro para blindar a dignidade das persoas con discapacidade usuarias do mesmo.

Santiago de Compostela, 15 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 15/06/2023 17:01:02

Julio Torrado Quintela na data 15/06/2023 17:01:12





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2023 17:05:09
Nº Rexistro: 54499
Data envío: 15/06/2023 17:05:09.441

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/06/2023 17:01:21

CSV: BOPGDSPG-B3EibO8qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
197673

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez e Carmela González Iglesias** e deputados **Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á persistencia de déficits de persoal nos PACs das áreas sanitarias Pontevedra-Salnés e Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo estase a producir unha situación moi preocupante nos Puntos de Atención Continuada (PAC) da área sanitaria de Vigo e Pontevedra-Salnés, con “descubertos” de persoal médico en moitos centros.

Os PAC son centros que deben asegurar a atención urxente entre as 15:00 e as 8:00 horas en días laborábeis e de 8:00 a 8:00 durante as fins de semana e os festivos, polo que son considerados servizos esenciais.

O BNG ven denunciando esta problemática dende hai tempo, tendo sido o verán do 2022 especialmente grave, ao terse producido situacións de quendas enteiras nas que moitos PAC estiveron sen ningún médico, e todo indica que este verán vai repetirse a situación.

É lamentábel que a pesares da persistencia do problema a Xunta non tome as medidas estruturais para solucionalo e persista no deterioro das condicións de traballo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nos PAC, convertendo en norma que teñan menos persoal do que está establecido, cunha repercusión directa na peor atención sanitaria urxente á poboación.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Garantir que nos PACs presten atención sanitaria equipos completos de profesionais, no número preciso acorde á poboación de referencia, formados por persoal facultativo, enfermería e celadoras/es ou PSX tal como establece a normativa e os acordos asinados c@s profesionais.

2.- Presentar de inmediato no Parlamento Galego un plan específico que contemple as medidas estruturais para solucionar os déficits permanentes nos PAC das Áreas Sanitarias de Pontevedra-Salnés e Vigo.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/06/2023 17:40:00

Alexandra Fernández Gómez na data 15/06/2023 17:40:10

Carmela González Iglesias na data 15/06/2023 17:40:19

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/06/2023 17:40:29

Xosé Luis Bará Torres na data 15/06/2023 17:40:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa a atender a petición da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia de declarar o 12 de xaneiro como “Día da Morte Digna en Galiza”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia puxéronse en contacto cos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza para facernos chegar o manifesto que que a continuación transcribimos solicitando sexa atendida a súa demanda de recoñecemento do 12 de xaneiro como “Día da Morte Digna en Galiza”.

“No 2023 cumpríranse 25 anos da morte de Ramón Sampedro, referente fundamental na loita pola morte digna. Durante estes anos, cada 12 de xaneiro, promovido por familiares, amigos e DMDG (asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia), veuse celebrando na praia das Furnas (Xuño-Porto do Son) o acto no seu recordo e en defensa do dereito das persoas a decidir libremente sobre a súa forma de morrer e a recibir axuda para elo (o dereito á eutanasia).

En decembro de 2018, no vixésimo aniversario da súa morte, en declaración pública, DMDG fai referencia a el como “paradigma da loita polo dereito a dispoñer da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propia vida”, e por acordo da súa Asemblea Xeral propón o 12 de xaneiro como Día da Morte Digna en Galiza.

En xaneiro de 2019 a Xunta de Voceiros da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), mediante unha declaración institucional, manifestou o seu apoio á proposta de DMDG para o recoñecemento do 12 de xaneiro como Día da Morte Digna en Galiza, e propuxo medidas para favorecer a expresión da vontade das persoas mediante as instrucións previas, a información, e a coordinación institucional, salientando en especial a importancia das actuacións “no mundo rural”.

Nestes 25 anos a sociedade avanzou na súa transformación, no recoñecemento da súa pluralidade moral e na secularización da vida e a conciencia social, no desenvolvemento de dereitos, na creación de recursos públicos, no funcionamento democrático das institucións, no recoñecemento e respecto á autonomía das persoas, e nos recursos tecnolóxicos. Eses progresos víronse reflectidos nas leis que recoñecen e protexen os dereitos das persoas ante as necesidades propias da etapa final da vida. En particular, así se observa na Lei 5/2015 de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais da Comunidade Autónoma de Galiza, que fai referencia na súa motivación a como a “...progresiva toma de conciencia da propia autonomía das persoas e o desexo de tomar decisións relativas á súa saúde, enfermidade e morte calou na conciencia colectiva”, e se expresa que “...o respecto á liberdade da persoa e aos dereitos dos pacientes adquire unha especial relevancia no marco das relacións asistenciais...”.

Á súa vez, a Lei Orgánica 3/2021 de regulación da eutanasia, asentada sobre “...a compatibilidade duns principios esenciais que son baseamento dos dereitos das persoas...introduce no noso ordenamento xurídico un novo dereito individual como é a eutanasia”, respondendo así, entre outras cousas, á demanda da sociedade actual, aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cambios sociais antes citados, e ao “...debate que se aviva periodicamente por mor de casos persoais que conmoven á opinión pública”, regulándose en consecuencia “o dereito das persoas a solicitar a prestación de axuda para morrer” en determinadas situacións. Atopámonos ao comezo dunha nova etapa, na que a sociedade vai incorporando con normalidade o novo dereito, e na que cómpre avanzar no recoñecemento de que “...a naturalidade da morte e procurar a paz ao final da vida deben entenderse como elementos do noso patrimonio institucional...”, tal como se recolle na citada Lei 5/2015. Deben entón, como responsabilidade de toda a sociedade e moi especialmente das súas institucións, promoverse as accións necesarias para avanzar na morte digna, que ten o seu sustento no respecto á autonomía e liberdade das persoas, mediante: a atención ás súas necesidades na etapa final da vida (en particular, o acceso a coidados paliativos), o coidado de quen forman parte do seu mundo afectivo, a dotación dos recursos sociais e sanitarios para prestar esas atencións, a sensibilización da sociedade, a formación, o coñecemento da realidade actual de como ocorre a morte, a promoción do uso dos recursos previstos para a expresión da vontade das persoas (testamento vital/instrucións previas), e a presenza pública superadora do tabú a través da información e a acción artística e cultural.

Cómpre avanzar no respecto, atención e coidado ás persoas no seu morrer, para que o final da vida sexa máis acorde coa súa normalidade e inevitabilidade, e menos cargado de temor, escurantismo e sufrimento.”

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fai propio o manifesto e a petición que nos traslada a Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia, motivo polo cal presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza, atendendo a demanda da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia, insta ao Goberno galego a:

-Que o día 12 de xaneiro sexa recoñecido como o Día da Morte Digna en Galiza.

-Comprometerse a contribuír á defensa e protección da dignidade das persoas no final da vida, adoptando as medidas oportunas para tal fin.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/06/2023 17:56:43

Iria Carreira Pazos na data 15/06/2023 17:56:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 15/06/2023 17:56:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando está a punto de finalizar o curso escolar, a Xunta comunicou a decisión unilateral de pechar a actividade lectiva presencial en tres ciclos formativos de FP do CIFP A Xunqueira de Pontevedra, correspondentes á especialidade de servizos á comunidade. Trátase do ciclo básico de Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios e os superiores de Integración Social e de Promoción da Igualdade de Xénero.

A decisión da Xunta supón o peche de seis aulas, dúas por ciclo, e implica que 75 alumnas non poderán continuar os seus estudos de xeito presencial. A medida tamén suporá unha redución de profesorado.

Segundo a comunidade escolar do centro, o anuncio da consellaría causará un grave prexuízo para a mocidade da zona, que queda sen opcións para cursar estes ciclos de xeito presencial e terá que acollerse á modalidade a distancia ou ir a un centro privado.

Trátase dunha medida claramente regresiva, extemporánea, inxusta e contraria aos avances do feminismo e dos coidados. Estamos a falar ademais de especialidades con alumnado maioritariamente feminino, con demanda laboral e con listaxes de agarda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con esta decisión, e outras semellantes que se anunciaron para outros centros de FP, a Xunta aposta pola precarización e a privatización. Semella un contrasentido e unha volta atrás que se fomente a docencia telemática de servizos á comunidade, unha especialidade na que ten todo o sentido que haxa presencialidade, interacción e socialización entre profesorado e alumnado. Cómpre ademais ter en conta a importancia, nestas etapas educativas, da realización de actividades complementarias, coa visita ao centro de persoas expertas, así como o traballo e a aprendizaxe cooperativa e en equipo.

Diante desta decisión da Consellaría, a comunidade escolar manifestou o seu desacordo e anunciou unha serie de iniciativas para demandar que a Xunta reconsidere o acordo. Pola súa parte a CIG Ensino tamén denunciou as medidas adoptadas polo goberno no ámbito galego e pediu o cesamento da Directora Xeral de FP.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a deixar sen efecto a decisión de supresión do ensino presencial nos seguintes ciclos formativos que se viñan ofertando no CIFP A Xunqueira de Pontevedra: ciclo básico de Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios e ciclos superiores de Integración Social e de Promoción da Igualdade de Xénero.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/06/2023 18:16:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/06/2023 18:16:52



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Gonzalo Caballero Miguez, Marina Ortega Otero e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A suba dos prezos, que foi máis alta en Galicia que no conxunto do Estado, dificulta ás familias galegas manter a súa capacidade adquisitiva, ata o punto de que moitas delas teñen grandes dificultades para chegar a fin de mes. É por iso que o grupo socialista demandou e demanda ao goberno da Xunta un paquete de medidas económicas para dar apoio ás familias galegas, ao tempo que ten denunciado a falta de medidas da Consellería de Economía para apoiar ás familias de Galicia ante as dificultades existentes.

Mais dentro do conxunto das familias galegas, hai algunhas que teñen máis dificultades e que requiren dun plan de apoio específico pola súa vulnerabilidade. É o caso das familias que teñen integrantes con algún tipo de discapacidade, pois teñen que facer fronte a desembolsos adicionais como froito do crecemento dos prezos. A metade destas familias galegas chega a fin de mes con dificultades e, o que é máis grave, o 15,6% das mesmas non chegan a fin de mes. A situación de vulnerabilidade pode ser máxima.

Datos recentes estiman que o 80 % das familias galegas con integrantes que padecen algunha discapacidade tivo que recortar gastos no último ano: o 17,6 % destas familias optou por baixar os gastos en vivenda, subministros ou alimentos, mentres o 62,5 % reduciu en cuestións como compras ou ocio. Así o



conclúe un estudo da compañía Adecco, que tamén sinala que o 38,4 % destas familias carecen de calquera posibilidade de aforro.

O goberno da Xunta debería estudar a situación destas familias e tomar todas as medidas necesarias para apoialas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un informe detallado sobre as dificultades económicas derivadas da inflación no caso das familias galegas con integrantes que padezan algunha discapacidade e remitir ese informe ao Parlamento de Galicia.
2. Adoptar un paquete de medidas económicas extraordinarias para apoiar ás familias con integrantes con discapacidade que teñan dificultades para chegar a fin de mes como resultado do incremento de prezos, incluíndo un programa de axudas as familias máis vulnerables e medidas de apoio en función das necesidades das persoas con discapacidade.
3. Dotar a partida orzamentaria necesaria para executar o paquete de medidas económicas necesarias.

Santiago de Compostela, 14 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/06/2023 18:24:44





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2023 18:29:11
Nº Rexistro: 54523
Data envío: 15/06/2023 18:29:11.488

Marina Ortega Otero na data 15/06/2023 18:24:53

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/06/2023 18:25:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/06/2023 18:25:13

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO0qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
197687

@PSdeG





En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, dou traslado, segundo comunica a Consellería de Facenda e Administración Pública, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de **maio** de 2023.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



ASUNTO	Modificacións de Crédito Tramitadas: Informe para o Parlamento
PERÍODO	Maio 2023

1. XERACIÓN

1.1. EXPEDIENTE CR-10-004-23

(Código exp. CODEX XC-2023-279-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (001.10)
ÓRGANO XESTOR	D. X. Centros e Recursos Humanos (001.10.08)

1.1.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 313.671,25 euros na aplicación 10.08.423B.640.7 como consecuencia da devolución de cantidades non executadas do orzamento das actividades formativas dos centros de formación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, financiadas con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR)

1.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.08..423B.6407	MRR. MELLORA DA COMPETENCIA DIXITA	2022.00066	4624	S	313.671,25	0,00

1.2. EXPEDIENTE XC-05-005-23

(Código exp. CODEX XC-2023-200-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (001.05)
ÓRGANO XESTOR	D. X. Planificación Enerxética e Recursos Naturais (001.05.03)

1.2.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de dous millóns cento vinte e oito mil oitocentos noventa e sete euros con vinte e seis céntimos (2.128.897,26 €), no capítulo VII do programa 733A, do orzamento de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, con cargo ás transferencias finalistas do Estado procedentes da ampliación do orzamento correspondente aos programas de incentivos para a implantación de instalacións de enerxías renovables térmicas en diferentes sectores da economía, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

1.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.03..733A.73206	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	2022.00175	4620	S	2.128.897,26	0,00

1.3. EXPEDIENTE XC-05-006-23

(Código exp. CODEX XC-2023-199-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (001.05)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.05.01)

1.3.1. Descrición

Xeración de Crédito por importe de 82.196,75 € nos conceptos orzamentarios 432.07 e 732.07, do programa 561A do estado de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, para dotar de crédito o proxecto europeo NAVEGANDO O FUTURO, encadrado no Programa europeo de Cooperación Interreg V-A España - Portugal (POCTEP) 2014-2020, e que será executado pola Axencia Galega de Innovación.

1.3.2. Partidas orzamentarias de destino



COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.01..561A.43207	AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN	2023.00231	5410	S	17.210,65	0,00
001	15	05.01..561A.73207	AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN	2023.00231	5410	S	64.986,10	0,00

1.4. EXPEDIENTE XC-05-007-23

(Código exp. CODEX XC-2023-200-00100008)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (001.05)
ÓRGANO XESTOR	D. X. Planificación Enerxética e Recursos Naturais (001.05.03)

1.4.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 12.604,65 € na aplicación de financiamento de gastos correntes da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), programa 733A do estado de gastos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, co obxecto de dotar de crédito o proxecto 0776_AQUALITRANS_II_1_E, encadrado no Programa de Cooperación Interreg V-A EspañaPortugal (POCTEP) 2014-2020, que executa o Inega.

1.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	15	05.03..733A.43206	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	2023.00020	5410	S	12.604,65	0,00

1.5. EXPEDIENTE XC-06-009-23

(Código exp. CODEX XC-2023-179-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (001.06)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.06.01)

1.5.1. Descrición

Xeración de crédito para situar nas aplicacións que se detallan as contías correspondentes as achegas dos organismos que se relacionan a continuación para financiar os gastos de servizos dos edificios compartidos, ao abeiro do procedemento establecido polo Acordo do Consello da Xunta de 27.07.2006, por importe de 33.288,15 €.

1.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	06.01..121A.212	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIOÑS	2015.00170	1010	N	9.832,30	0,00
001	11	06.01..121A.22700	LIMPEZA	2015.00170	1010	N	14.328,18	0,00
001	11	06.01..121A.22701	VIXILANCIA	2015.00170	1010	N	9.127,67	0,00

1.6. EXPEDIENTE XC-06-010-23

(Código exp. CODEX XC-2023-184-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (001.06)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (001.06.07)

1.6.1. Descrición

Xeración dun crédito por importe de 56.578,00€ na aplicación 06.07.331A.490.0 para atender a anualidade de 2023 do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Augas de Galicia e a asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia para o proxecto "fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-



MOZ) 4ª fase”

1.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	06.07..331A.4900	Axudas de Cooperación no exterior	2015.00076	1010	N	56.578,00	0,00

1.7. EXPEDIENTE XC-07-005-23

(Código exp. CODEX XC-2023-187-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Facenda e Administración Pública (001.07)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio (001.07.01)

1.7.1. Descrición

Xeración de crédito no proxecto 2015 00199 por importe de 28.000 euros para a contratación do servizo para a realización da avaliación da implementación e os resultados das actuacións do PO de Emprego Xuvenil (POEX) financiadas en Galicia e xestionadas pola Xunta de Galicia.

1.7.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	07.01..612A.6401	Asistencia técnica en materia do P.O.POEX	2015.00199	4340	S	28.000,00	0,00

1.8. EXPEDIENTE XC-07-007-23

(Código exp. CODEX XC-2023-187-00100008)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Facenda e Administración Pública (001.07)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio (001.07.01)

1.8.1. Descrición

Xeración de crédito na aplicación 07.01.123A.830.08 (código de proxecto 2016 0348) “anticipos de préstamos concedidos ao persoal” por un importe total de 104.659,24 €.

Xérase crédito con motivo da recadación producida polos reintegros efectuados durante o mes de abril de 2023 pola cancelación dos préstamos que se lle conceden ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma. O crédito xerado utilizarase para a concesión de novos préstamos por solicitudes de anticipos de nómina do persoal da administración autonómica.

1.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	07.01..123A.83008	Préstamos e anticipos a curto prazo	2016.00348	1010	N	104.659,24	0,00

1.9. EXPEDIENTE XC-08-007-23

(Código exp. CODEX XC-2023-194-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (001.08)
ÓRGANO XESTOR	D.X Patrimonio Natural (001.08.03)

1.9.1. Descrición

Xeración de crédito no programa de gasto 541B, no capítulo VI, con destino á aplicación orzamentaria 08.03.541B.632.0 do proxecto de gasto 2015 00220, dos Orzamentos de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, por importe de vinte e cinco mil catrocentos oitenta e catro euros con vinte e dous céntimos (25.484,22€), fondos FCA.



Esta xeración de crédito ten o seu orixe no pagamento da indemnización emitida polo Consorcio de Compensación de Seguros, relativa ao sinistro de data 20/12/2022, cuberto pola póliza de danos patrimoniais nº DNM/2022/0128 pola inundación das instalacións da piscifactoría de O Carballiño por crecida do río.

1.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	13	08.03..541B.6320	Reparación e Conservación	2015.00220	1010	N	25.484,22	0,00

1.10. EXPEDIENTE XC-08.81-001-23

(Código exp. CODEX XC-2023-58-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	IGVS (201)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

1.10.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de seis millóns trescentos cincuenta e seis mil oitocentos un euros con sesenta e dous céntimos (6.356.801,62€), na aplicación orzamentaria 08.81.451A.821.60, para repoñer o remanente dado de baixa o 31 de decembro de 2022 do Fondo de cooperación de rehabilitación (polo Acordo do Consello da Xunta do 29 de decembro de 2022).

1.10.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
201	10	08.81..451A.82160	PRESTAMOS FONDOS DE COOPERACION DE REHABILITACION	2017.00009	1010	N	6.356.801,62	0,00

1.11. EXPEDIENTE XC-08.81-002-23

(Código exp. CODEX XC-2023-58-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	IGVS (201)
ÓRGANO XESTOR	INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

1.11.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de dez millóns de euros (10.000.000,00€), na aplicación orzamentaria 08.81.451B.821.61, para repoñer o remanente dado de baixa o 31 de decembro de 2022 do Fondo de cooperación cos concellos para o apoio ao financiamento da adquisición e promoción de vivenda de nova construción (polo Acordo do Consello da Xunta do 29 de decembro de 2022).

1.11.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
201	10	08.81..451B.82161	PRÉSTAMOS FONDO COOPERACIÓN ADQUISICIÓN/PROMOCIÓN VIVENDA	2022.00020	1010	N	10.000.000,00	0,00

1.12. EXPEDIENTE XC-10-011-23

(Código exp. CODEX XC-2023-279-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (001.10)
ÓRGANO XESTOR	D. X. Centros e Recursos Humanos (001.10.08)

1.12.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 618.997,41 euros, en aplicacións do capítulo I do programa 422M (código de proxecto 2016 00149), como consecuencia do Convenio de colaboración asinado entre o Ministerio de Defensa, o Ministerio de Educación e Formación Profesional e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a impartición das ensinanzas de formación profesional nos centros docentes



militares de formación de suboficiais das Forzas Armadas.

1.12.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	14	10.08..422M.12000	Soldos subgrupo A1	2016.00149	3010	N	135.946,24	0,00
001	14	10.08..422M.12001	Soldos subgrupo A2	2016.00149	3010	N	80.263,62	0,00
001	14	10.08..422M.12005	Trienios	2016.00149	3010	N	23.188,94	0,00
001	14	10.08..422M.12021	Substitucións persoal docente	2016.00149	3010	N	10.702,71	0,00
001	14	10.08..422M.12100	Complemento destino	2016.00149	3010	N	84.228,68	0,00
001	14	10.08..422M.12101	Complemento específico	2016.00149	3010	N	117.465,13	0,00
001	14	10.08..422M.12102	Outros complementos	2016.00149	3010	N	12.703,89	0,00
001	14	10.08..422M.12107	Sexenios	2016.00149	3010	N	24.950,23	0,00
001	14	10.08..422M.12108	IPC	2016.00149	3010	N	1.799,30	0,00
001	14	10.08..422M.12116	Prestacións económicas por IT	2016.00149	3010	N	6.904,73	0,00
001	14	10.08..422M.12117	Prest. Difer. Retributiv. IT, maternidad	2016.00149	3010	N	2.899,16	0,00
001	14	10.08..422M.16000	Seguridade Social	2016.00149	3010	N	117.944,78	0,00

1.13. EXPEDIENTE XC-11-002-23

(Código exp. CODEX XC-2023-312-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (001.11)
ÓRGANO XESTOR	D. X. Relacións Laborais (001.11.40)

1.13.1. Descrición

XERACIÓN DE CRÉDITO por importe total de 331.081,00 euros no código de proxecto 2023 00093 "proxecto FEAG EMPREGA ALUMINIO" do programa 324A e dotar orzamentariamene o programa europeo FEAG ALUMINIO GALEGO (emprega ALUMINIO). A distribución por subconceptos sería a seguinte:

- subconceptos orzamentarios: 481.9, por importe de 308.873,00
- subconcepto orzamentario 640.3 por importe de 22.208,00,

1.13.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	24	11.40..324A.4819	CONVENIO COLABORACIÓN FEAG ALUMINIO	2023.00093	4610	S	308.873,00	0,00
001	24	11.40..324A.6403	GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL.FEAG ALUMINIO	2023.00093	4610	S	22.208,00	0,00

1.14. EXPEDIENTE XC-12-006-23

(Código exp. CODEX XC-2023-212-00100004)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Sanidade (001.12)
ÓRGANO XESTOR	D. X. de Saúde Pública (001.12.02)

1.14.1. Descrición

XERACIÓN DE CRÉDITO por importe de 28.785,00 €, no capítulo VI, programa 413A, do estado de gastos do orzamento da Consellería de Sanidade para o ano 2023, con destino a gastos en investimentos de carácter inmaterial. A xeración é como consecuencia da aprobación polo pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do día 5 de setembro de 2022, dos criterios para a distribución de fondos ás Comunidades Autónomas, destinados ao financiamento da estratexia fronte a enfermidades raras no ano 2022.

1.14.2. Partidas orzamentarias de destino



COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.02..413A.6405	Programas poboacionais de cribado	2002.11809	3010		28.785,00	0,00

1.15. EXPEDIENTE XC-12-007-23

(Código exp. CODEX XC-2023-211-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Sanidade (001.12)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica. (001.12.01)

1.15.1. Descrición

XERACIÓN DE CRÉDITO por importe de 181.077,96 €, no capítulo IV, programa 411A, do estado de gastos do orzamento da Consellería de Sanidade para o ano 2023, con destino a transferencias á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Esta xeración de crédito realízase como consecuencia da distribución de fondos efectuada polo Ministerio de Sanidade, no marco do compoñente 18 “Formación de profesionais sanitarios no ámbito dos plans de formación continuada” (C18.14) do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (MRR) do Goberno de España, no exercicio orzamentarios 2021. Parte 1: Comunidades Autónomas.

1.15.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	18	12.01..411A.43214	Financiamento Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	2022.00164	4620	S	181.077,96	0,00

1.16. EXPEDIENTE XC-12.80-021-23

(Código exp. CODEX XC-2023-59-00100024)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

1.16.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 54.676,23 €, no capítulo 2, programas 412A e 412B, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023, con destino a gastos en bens correntes e servizos. A xeración é como consecuencia de varios ingresos da compañía Mapfre e do Consorcio de Compensación de Seguros.

1.16.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..412B.212	Edificios e outras construcións	2014.00041	1010		1.996,90	0,00
103	50	36.01..412A.213	Maquinaria, instalacións e utensilios	2014.00042	1010		18.288,89	0,00
103	50	36.01..412A.22113	Instrumental e pequenos utensilios	2014.00042	1010		32.382,91	0,00
103	50	36.01..412B.212	Edificios e outras construcións	2014.00041	1010		2.007,53	0,00

1.17. EXPEDIENTE XC-12.80-022-23

(Código exp. CODEX XC-2023-59-00100025)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

1.17.1. Descrición

XERACION DE CRÉDITO, por importe de 299,38 €, no capítulo 2, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023, con destino a gastos en bens correntes e servizos. A xeración é como consecuencia dun ingreso efectuado pola compañía de seguros Mutua Madrileña Automovilística debido a indemnización por sinistro.



1.17.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
Tamén debemos mencionar que non se nomea a violencia de xénero no rural de xeito específico, aínda que todo o proxecto de lei é pobre neste sentido, pero parece que no esperado Estatuto procedería dedicarlle un bo espazo, porque senón sería negar unha realidade, o cal pode xustificar plenamente retiralo da Lei de Igualdade. Lembramos que hai uns meses aprobouse por unanimidade na Comisión 7ª a realización dunha serie de medidas a prol de combater a violencia de xénero no rural, que incluían dende un estudo galego ata o establecemento de medidas para a súa erradicación, visto que non contan co Estatuto para implementar estas iniciativas, preguntámonos se realmente hai vontade política de enfrontar esta situación. Tampouco se mencionan en absoluto as situacións de illamento e soidade e a súa abordaxe no rural, o papel dos coidados e a corresponsabilidade, nin o enfrontamento das dificultades para a vida que supoñen as situacións de discapacidade das mulleres ou as dificultades que sofren para o acceso ao mundo laboral.

Dito isto, podemos aseverar que o dito Estatuto é escaso e inconcreto, non aporta nada máis alá do que xa se tiña feito resultando insuficiente para coñecer a realidade que viven as mulleres no rural e deste modo levar adiante cambios estruturais profundos que modifiquen e melloren as súas vidas, de feito lonxe de definir o rural desdebúxao de modo que é difícil que redunde positivamente en melloras concretas.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Vai o goberno galego poñer o Estatuto das mulleres do rural como centro instrumental para modificar as diversas realidades de todas as mulleres que viven no rural galego e polo tanto retiralo da lei de igualdade dotándoo das melloras precisas?

Como van materializar o acordo unánime acadado na comisión 7ª para o diagnóstico e tratamento da violencia de xénero no rural?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que consideran que aporta a modificación do artigo 7.1.K da Lei de Recuperación de terras agrarias de Galiza para o acceso das mulleres a terra agraria?

Por que non se definen os distintos rurais galegos para contextualizar o ámbito xeográfico no que desenvolven estas actividades as mulleres do rural?

Que motiva que non se inclúan as mulleres que realizan actividades do sector terciario no rural ou as que viven no rural traballando fóra?

Consideran vostedes que o emprendemento empresarial no rural, sexa en relación co sector primario, secundario ou terciario ten características propias en relación con outros emprendementos?

Hai algunha planificación fóra do estatuto e/ou do observatorio correspondente para o estudo e planificación de actuacións de cara á mellora da calidade de vida das mulleres no rural?

Cal foi, é e será a participación da consellería do medio rural no relativo ás cuestións relacionadas coas mulleres que viven no e ou do rural?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

María González Albert

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2023 09:25:12

María González Albert na data 13/06/2023 09:25:18

María del Carmen Aira Díaz na data 13/06/2023 09:25:30



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Marina Ortega Otero, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O pasado 7 de xuño traballadoras e traballadores da Consellería de Política Social concentráronse ante a sede da Xunta de Galicia en San Caetano en Santiago e ante a delegación da Xunta en Vigo para reclamar máis persoal e mellores condicións laborais nos centros de Política Social da Administración autonómica. Baixo o lema "pola recuperación dos dereitos perdidos", o persoal destes centros sociosanitarios sinala a situación límite existente e a falla de compromiso e medidas do goberno da Xunta de Galicia.

Estes traballadores e traballadoras atenden a maiores e dependentes, persoas con discapacidade e persoas con enfermidades psiquiátricas, constituíndo o seu traballo unha garantía imprescindible do noso estado do benestar e sendo moi relevante pola intensidade que implica a atención a persoas vulnerables.

A atención a este colectivo necesita dunha maior dotación de persoal nos centros da Consellería de Política Social, así como da creación de novos centros nos que tratar de forma diferenciada e separada as distintas situacións das persoas.

Así mesmo, o persoal destes centros require de mellores condicións laborais, logo de ser tratado sen suficiente compromiso por parte da Xunta de Galicia. De feito, as condicións laborais deste colectivo en distintos aspectos están moi por debaixo das existentes no Sergas. Pénsese por exemplo que hai centros





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2023 10:31:30
Nº Rexistro: 54353
Data envío: 13/06/2023 10:31:30.465

nos que unha soa enfermeira chega a ter ao seu cargo durante horas a 160 persoas.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que paquete de medidas contempla o goberno da Xunta de Galicia para contratar máis persoal estable nos centros sociosanitarios da Consellería de Política Social e mellorar as condicións laborais do persoal existente?

Santiago de Compostela, 12 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/06/2023 10:20:54

Marina Ortega Otero na data 13/06/2023 10:21:06

Paloma Castro Rey na data 13/06/2023 10:21:18

Pablo Arangüena Fernández na data 13/06/2023 10:21:28

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO8qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

197788

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Carmela González Iglesias e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a integración e condicións laborais do persoal dos consorcios provinciais contra incendios e salvamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras o acordo do pleno do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de Ourense aprobando a memoria para a implantación do modelo de xestión pública dos parques comarcais que conforman o Consorcio (Carballiño-Ribeiro, Xinzo de Limia, Verín e Valdeorras), completouse o proceso de recuperación da xestión pública dos parques comarcais de bombeiros. Antes que Ourense, A Coruña, Lugo e Pontevedra procederon, nos anos 2019, 2020 e 2021, respectivamente, ao rescate da xestión pública e directa dos parques comarcais de extinción de incendios e salvamento que ate ese momento realizaban empresas privadas.

Malia que a xestión do servizo de extinción e salvamento nos referidos parques comarcais pasou a realizarse directamente dende os propios Consorcios Provinciais, aínda non se produciu a total integración do persoal que prestaba servizo nos mesmos. Así o persoal indefinido das empresas privadas que xestionaban os parques de bombeiros comarcais e en cuxos contratos subrogáronse os respectivos Consorcios Provinciais a día de hoxe non ten recoñecida a condición de persoal laboral fixo dos Consorcios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A este respecto, o Tribunal Supremo xa na súa sentenza de 28 de xaneiro de 2022, en resolución dun RCUD, recoñeceu a condición de persoal laboral fixo das traballadoras que pasaban dunha empresa privada á Administración Pública en virtude de subrogación tanto laboral como da actividade que desempeñaban. O Tribunal Supremo excluía ao persoal que adquirira a condición de indefinido en virtude de contratacións realizadas en fraude de lei, ou que a súa actividade profesional non fose obxecto de transmisión ao sector público.

Igualmente o persoal destinado nos diferentes Parques Comarcais dos distintos Consorcios Provinciais, nos que participa a Xunta de Galiza e a Deputación Provincial respectiva, non dispón dos mesmos dereitos laborais, manténdose as diferenzas derivadas das condicións de traballo que tiñan na empresa privada de orixe.

E por iso que a Asemblea Xeral Extraordinaria de Bombeiros de Parques Comarcais acordou a convocatoria dunha folga en todos os Consorcios Provinciais e nos 24 parques comarcais, así como a suspensión dos apoios e servizos voluntarios, reducindo as prestacións laborais ás estritamente obrigatorias por contrato laboral.

Tal situación de conflitividade laboral vén derivada da contumaz negativa da Xunta de Galiza á aplicación e seguimento da doutrina do Tribunal Supremo no recoñecemento da condición de persoal laboral fixo ao servizo do Consorcio Provincial correspondente, e do aprobación dun convenio colectivo que equipare as condicións laborais e profesionais de todo o persoal dos Parques Comarcais contra Incendios de Galiza, polo que se formula a seguinte interpelación:

Entende a Xunta de Galiza procedente a aplicación da doutrina establecida polo Tribunal Supremo na súa Sentenza de 28 de xaneiro de 2022 ao persoal dos Consorcios Provinciais contra Incendios e Salvamento de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dispón a Xunta de Galiza dalgún informe ou estudo que determine o persoal dos Consorcios Provinciais de Incendios que tería dereito ao recoñecemento da fixeza?

Que actuacións realizou a Xunta para a total integración do referido persoal?

Considera xustificable que a existan diferencias nas condicións laborais e profesionais do persoal de extinción de incendios dos parques comarcais?

Realizou algunha xestión ou negociación coas Deputacións Provinciais e/ou coas organizacións sindicais para a elaboración dun Convenio Colectivo común a todos os Consorcios Provinciais?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Carmela González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2023 13:11:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 13/06/2023 13:11:35

Carmela González Iglesias na data 13/06/2023 13:11:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/06/2023 13:13:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Castro García, Daniel Pérez López, Olalla Rodil Fernández e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o poder adquisitivo dos salarios dos Convenios colectivos do comercio alimentación e da limpeza da provincia de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Convenios colectivos do comercio alimentación e máis da limpeza de edificios e locais, ambos da provincia de Lugo, remataron o seu período da súa vixencia o pasado 31 de decembro do ano 2021.

Na actualidade estase desenvolvendo o proceso de negociación entre as partes, mais a negativa da patronal a aceptar as demandas da parte social, entre as que salienta establecer nestes convenios colectivos cláusulas de revisión salarial que garantan a actualización dos salarios conforme ao IPC real, levaron aos sindicatos presentes na mesa de negociación a anunciar e mesmo a convocar xa formalmente medidas de conflito como a folga.

Estamos a falar de dous convenios colectivos moi feminizados, con salarios que en moitos casos quedan por embaixo do Salario mínimo interprofesional, e que durante os períodos de vixencia que veñen de rematar teñen perdido poder adquisitivo, xa que as subas recollidas para estes períodos foron menores que o IPC real para o mesmo período en cómputo global.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os tres sindicatos maioritarios na Galiza, que ostentan a representación sindical do persoal destes sectores, manifestan con rotundidade que a situación é insostíbel para uns salarios xa moi baixos.

Desde o BNG consideramos de vital importancia que o goberno galego exerza as súas competencias en materia de Traballo e Igualdade, e se implique activamente para evitar a perda de poder adquisitivo da clase traballadora, facendo especial fincapé no control das condicións salariais daqueles sectores máis feminizados e con maior número de contratos a xornada parcial.

A pobreza ten rostro de muller, non é un slogan, é unha realidade que desde os gobernos debe combaterse con todos os medios dos que dispoñan, e o silencio que garda sempre a Xunta de Galiza do Partido Popular sobre os procesos de negociación das condicións salariais e de traballo non é respecto pola autonomía das partes senón un visto e prace do actual status quo que, cando menos, nos sectores especialmente feminizados e empobrecidos non é tolerábel.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Coñece a Xunta de Galiza a diferenza entre os salarios medios da provincia de Lugo e os salarios medios do estado español? Que valoración fai o goberno galego desta diferenza?

. Coñece a Xunta de Galiza o feito que as retribucións de varios niveis ou grupos salariais dos convenios colectivos do Comercio alimentación e máis da Limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo non superan o Salario mínimo interprofesional? Que opinión lle merece este feito?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Coñece a Xunta de Galiza o índice de parcialidade entre o persoal dos sectores do Comercio alimentación e máis da Limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo? Coñece cal é o salario medio destes sectores?

. Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para evitar que o persoal afectado polos convenios colectivos do Comercio alimentación e máis da Limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo sigan a perder poder adquisitivo?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Carmen Aira Díaz

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/06/2023 09:33:01

María del Carmen Aira Díaz na data 14/06/2023 09:33:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 14/06/2023 09:33:20

Daniel Pérez López na data 14/06/2023 09:33:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 14/06/2023 09:33:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

O Xulgado de Instrución número 1 de Santiago de Compostela vén de abrir dilixencias previas contra varios directivos da CRTVG por presuntos delitos de acoso moral e contra os dereitos do persoal traballador cometidos contra unha traballadora da corporación.

A xuíza decidiu admitir a trámite a demanda da traballadora por desprenderse “indicios de posible comisión polos querelados dun delito de acoso moral e doutro contra os dereitos dos traballadores”, polo que en setembro terán que declarar os directivos da CRTVG en calidade de investigados.

Este novo conflito xudicial súmase a toda unha serie de procesos semellantes con traballadores e traballadoras da CRTVG que dan conta do insostible clima laboral que se respira na CRTVG. Así, a recente condena á Corporación por discriminar por sexo unha traballadora e vulnerar o seu dereito a conciliar ou a sentenza firme que condenou os medios públicos por vulnerar os dereitos fundamentais do profesional Carlos Jiménez.

Tamén están pendentes de resolución diversas demandas de persoal traballador por vulneración de dereitos ao ser trasladado forzosamente a outros postos e que a dirección pretende xustificar como “cambios operativos” pero que en realidade non son máis que represalias por plantarse fronte a intentos



de manipulación informativa da dirección ou simplemente por ser críticos co Goberno galego do PP.

Dende o ano 2018 ata 2022 a CRTVG perdeu a metade dos litixios laborais, e non son poucos nunha corporación que ten preto de 900 traballadores: de 176 sentenzas, 87 foron favorables para o persoal.

Diante desta situación irrespirable que afecta ao persoal traballador da CRTVG, e que sen dúbida afecta tamén a calidade dos seus contidos as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que debe cesar de inmediato o director xeral da CRTVG diante da súa Imputación por presunto acoso laboral a unha traballadora?
2. Como valora o Goberno galego os graves conflitos xudiciais que se teñen producido na CRTVG nos últimos tempos?

Parlamento de Galicia, 14 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 14/06/2023 12:23:03

Paloma Castro Rey na data 14/06/2023 12:23:27

Noelia Otero Lago na data 14/06/2023 12:23:44

Pablo Arangüena Fernández na data 14/06/2023 12:24:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O centro de menores Avelino Montero sito en Pontevedra, dependente da Consellería de Política Social e Xuventude ten coma finalidade a reeducación de menores condenados por sentenza firme ou baixo unha medida cautelar derivada da comisión dun delito.

Na actualidade este centro é o único que permanece en Galicia cunha xestión pública, pero recentemente coñecíamos a eliminación de 4 prazas de educadores trala xubilación, o que nos fai desconfiar se a intención do Goberno galego tras estas amortizacións é mudar cara unha xestión privada.

A capacidade deste centro é de 30 prazas aínda que neste momento está reducida por mor das obras de reforma que a Xunta está a executar por un valor de 1,5 millóns de €.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Xunta de Galicia está actuando coma xa o fixo en Ourense e Lugo, executando primeiro unhas obras de acondicionamento e mellora dos centros para despois derivar a xestión destes espazos a empresas privadas.

Nós defendemos a necesidade dunha xestión pública nestes centros polo que esiximos a este goberno que non mingüe o cadro de persoal do centro de menores Avelino Montero en Pontevedra xa que con isto vai prexudicar a finalidade reeducativa e danar enormemente un servizo que ten que garantir un



marco adecuado para a educación, a normalización da conduta destes menores e o libre e harmónico desenvolvemento da súa personalidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Como xustifica o Goberno galego a privatización dos centros de menores destinados ao cumprimento de medidas xudiciais?

Santiago de Compostela, 13 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/06/2023 12:56:29

Marina Ortega Otero na data 14/06/2023 12:56:43

Julio Torrado Quintela na data 14/06/2023 12:56:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e **Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O dereito constitucional de acceso á xustiza é un pilar básico do noso estado de dereito, que vén reforzado na Constitución co recoñecemento no artigo 119 da gratuidade da xustiza naqueles casos que dispoña a lei e, en todo caso, para quen acredite insuficiencia de medios para litigar.

A Lei de asistencia xurídica gratuíta establece o marco normativo deste dereito que é complementado coa normativa de carácter autonómico, en Galicia a Lei 4/2016, do 4 de abril, xa que a competencia para a aplicación e xestión deste dereito corresponde ás comunidades autónomas con competencias transferidas.

Dende hai moitos anos a prestación deste servizo no noso territorio é claramente ineficaz debido a dúas razóns fundamentais: por unha banda o insuficiente orzamento destinado a este fin; e por outra, a falla de protección e amparo aos profesionais que forman parte da quenda de asistencia xurídica gratuíta.

Os últimos datos do Observatorio de asistencia xurídica indican que a media estatal de investimento por habitante para sufragar este dereito é de 6 €, sendo a media galega de 4,9 €, o que nos sitúa a cola das comunidades autónomas e provoca que teñamos unha das maiores porcentaxes de desestimación de solicitudes e se incrementen de forma progresiva as queixas polo funcionamento deste servizo.



Por outra banda, non se cumpren os mínimos dereitos profesional dos letrados que prestan estes servizos públicos o que provoca as seguintes situacións discriminatorias:

- Non teñen contemplados dereitos laborais básicos coma a baixa por enfermidade, embarazo ou parto....
- Non son remuneradas as súas actuacións no caso que o procedemento sexa arquivado ou derivado a outro partido xudicial.
- No caso de ser desestimada a solicitude de asistencia, non son abonadas as súas actuacións tendo que reclamar os letrados ao cliente o pago das mesmas.
- A pesar de tratarse dun servizo público non conta coma mérito no acceso á función pública.
- Non cotizan á Seguridade Social polos servizos prestados.

Os socialistas defendemos este servizo coma esencial para garantir a equidade nos dereitos da cidadanía polo que reclamamos ao Goberno galego que aumente a partida destinada a este fin e estableza un estatuto do avogado de oficio no que se regule de forma unitaria para os distintos colexios profesionais de Galicia unhas condicións laborais mínimas para os letrados que presten este servizo.

Finalmente sinalar que dende o Grupo Socialista entendemos que a imaxe desvalorizada que presenta este servizo na sociedade ten que ser corrixida mediante campañas de sensibilización á cidadanía que informen sobre os requisitos de acceso a este dereito e a capacidade e dilixencia dos profesionais adscritos a esta quenda, que corrixa este erro de apreciación.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Considera o Goberno galego que os profesionais que garanten o exercicio do dereito de asistencia xurídica gratuíta en Galicia teñen garantidos os dereitos mínimos esixibles como prestadores dun servizo público?

Santiago de Compostela, 14 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/06/2023 16:49:22

Pablo Arangüena Fernández na data 14/06/2023 16:49:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A precariedade laboral é un dos graves problemas do sistema sanitario público de Galicia. A sucesión de sentencias laborais que condenan ao Sergas por vulnerar dereitos laborais, por “fraude” na contratación ou por fórmulas “torticeiras” (por usar termos que as propias resolucións xudiciais utilizan) comezan a ser recorrentes e evidencian a necesidade de mudar a política de recursos humanos deste sistema sanitario.

En termos de fórmulas de contratación, Galicia é un exemplo negativo de fomento da eventualidade. A sucesión continuada de contratos á mesma persoa, para funcións semellantes, fomenta dentro dos propios centros sanitarios unha precariedade insoportable. Esta situación provoca incerteza nos propios profesionais, que se ven forzados a vivir pendentes de contratos por días ou horas, o que impide planificar un mínimo da vida diaria e, obviamente, impide facer previsións vitais a medio e longo prazo. Tamén provoca problemas nos propios servizos, pois o paseo de profesionais por distintos servizos xera desaxustes e imposibilidade de axeitarse aos modos e formas de traballo de cada un nun entorno en que é preciso un funcionamento óptimo.

En termos salariais, xa en recentes épocas o Goberno de Galicia tratou de escatimar de pagar a carreira profesional a unha boa parte de traballadores/as do sistema. Esta carreira profesional, que foi presentada como “un logro histórico” por parte do Goberno de Galicia pasou a ser “inviável” segundo o



propio goberno en función das sentencias xudiciais ante as demandas de profesionais que eran excluídas desta carreira.

Esta sucesión de problemas provocados por unha concepción tacaña do funcionamento do sistema sanitario trae tras de si o problema da falta de capacidade para xestionar o persoal, dado que o desacougo, a desesperación e a falta de expectativa que provoca entre os profesionais deixa ao sistema ao borde da incapacidade para dar a atención sanitaria que a cidadanía merece.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten o Goberno de Galicia conciencia real do problema que a precariedade laboral no Sergas provoca na calidade asistencial que se ofrece á cidadanía?
2. Considera o Goberno de Galicia que a situación de eventualidade que viven os profesionais sanitarios é aceptable?
3. Cre aceptable o Goberno de Galicia estar constantemente sometido a resolucións xudiciais sobre vulneración de dereitos laborais contra os profesionais do sistema sanitario público de Galicia?

Santiago de Compostela, 15 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/06/2023 09:16:19





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 54463
Data envío: 15/06/2023 09:22:59.117

Marina Ortega Otero na data 15/06/2023 09:16:30

CSV: BOPGDSPG-B3ElbO8qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
197806

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A conflictividade xurdida no entorno do sector do mar ao redor da recolección de mexilla provocou nos últimos anos serios problemas entre os colectivos afectados, nomeadamente bateeiros e percebeiros, que conflúen nos mesmos espazos nos que a mexilla se da nas rochas e que teñen perspectivas distintas sobre canto afecta esta extracción á cría de percebe e á súa futura recolección.

Este escenario debuxou problemas de gravidade con enfrontamentos entre os colectivos que, pretendendo defender o espazo que cada un considera lexítimamente do seu dereito, terminaron por confrontar entre si.

Esta situación perniciosa dáse, en realidade, non por problemas atribuíbles ao colectivo de percebeiros ou ao dos bateeiros, senón ao desleixo e inacción por parte da Consellería do Mar, quen pretendeu resolver a situación saltándose, inicialmente, o cumprimento da vixilancia da lexislación sobre a extracción de mexilla, e posteriormente coa imposición dunha nova normativa de gran restrición para a extracción de semente por parte do sector bateeiro. Esta inxerencia da Consellería do Mar provocou esta espiral de tensión, fronte á que a Consellería non fixo máis que agocharse e esperar a que terminase a tempada de recollida, limitada normativamente. Con esta realidade todas as campañas previas dos últimos tempos ata o momento xa causaron moitos problemas ao sector bateeiro ao quedar sen toda a mexilla que podían obter (e por tanto coa perda de capacidade produtiva).



Nos recentes días foi coñecido o relevo á fronte da Consellería do Mar, o que abre unha posibilidade a que muden as actitudes e decisións sobre esta situación conflitiva por parte da Consellería do Mar e o seu novo equipo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

En que aspectos muda a posición actual da nova dirección da Consellería do Mar sobre o conflito provocado sobre a recollida da mexilla respecto da dirección saínte?

Santiago de Compostela, 14 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/06/2023 09:29:08

Patricia Otero Rodríguez na data 15/06/2023 09:29:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García e María del Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Dende o ano 2020 o sector agrario galego e especialmente o sector cárnico sofre os efectos da crise causada pola pandemia da Covid e a posterior crise de prezos derivada dunha guerra ás portas de Europa. Nese marco de dificultade a Unión Europea e o Estado español puxeron en marcha multitude de medidas para axudar aos nosos produtores agrarios.

En Galicia os ditos produtores recibiron máis de 68 millóns de euros de axudas directas, 56,9 millóns de euros para os gandeiros de leite, sendo Galicia a comunidade máis beneficiada de toda España e 11,6 millóns para os gandeiros de carne. Ademais o Goberno de España activou axudas para paliar o incremento dos custes de fertilizantes que beneficiaron a 2.400 explotacións galegas nunha contía de 1,3 millóns de euros, negociou en Europa a autorización do uso de fondos Feader para apoiar ás explotacións e empresas polo incremento de custes que fai que en Galicia se poidan convocar axudas por uns 17 millóns de euros, activou a rebaixa de 20 cms/l do combustible, a rebaixa do IRPF en estimación directa, o incremento das axudas para a contratación de seguros, axudas para a bonificación de créditos ou a exención do IBI rústico aos propietarios de explotacións que teñan reducións significativas do rendemento da súa actividade.

A última medida do Goberno do Estado para axudar aos gandeiros foi a publicación do Decreto que activa unha nova liña de axudas para as explotacións polos efectos da seca que suporán a chegada de 10,5 millóns de



euros a Galicia, que é a sétima comunidade autónoma que recibe un maior importe de todo o Estado.

Neste escenario de crise internacional, o 24 de marzo de 2022 despois da celebración do Consello da Xunta, o ex-Presidente se comprometía a apoiar aos sectores agrarios con fondos propios na mesma cantidade que aportara o Estado. Pero a pesar das promesas realizadas e as iniciativas presentadas polo noso grupo, o Goberno galego non cumpriu e non destinou nin un só euro de fondos propios ás axudas directas comprometidas en todo o 2022.

Mentres o sector da carne, tanto sexa de vacún como doutros sectores cárnicos como o avícola, cunícula e porcino foron os que máis sufrían os efectos dunha crise xa estrutural e agravada pola crise da pandemia e a posterior derivada dos prezos da enerxía e as materias primas, o Goberno galego non cumpría coa promesa de axudar a este sector esencial para a loita contra o abandono do rural e os lumes forestais.

Neste mes de abril de 2023, os produtores de Ternera Galega Suprema se manifestaban ás portas de Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo pedindo axuda para que se lles pague un prezo xusto pola carne que producen. Unhas mobilizacións nas que atopamos a participación activa dos máximos representantes do Partido Popular de Lugo.

O conselleiro do Medio Rural reuniuse cos gandeiros concentrados e acordou con eles habilitar unha partida de 12 millóns de euros en axudas directas da Xunta de Galicia para complementar nun euro por quilo de carne o prezo actual dos tenreiros que situaban no entorno dos 5,60 euros/Kg. Unha medida que o conselleiro enmarcou “no compromiso do Goberno galego para que non se perdan explotacións de vacún de carne en extensivo pola situación insostible de incremento dos custos de produción sen que o prezo sexa capaz de compensalo”



Esta axuda extraordinaria, que prometeron dende a Consellería do Medio Rural que chegaría este ano ás explotacións, estableceron que non se pagaría por vaca de cría nin por número de hectáreas, senón por quilo de carne certificada dentro da IGP Tenreira Galega Suprema. Unha axuda en función dos quilos de carne certificados por cada gandaría dentro da IGP Tenreira Galega Suprema e que anunciaron que se prolongaría por un mínimo de dous anos.

Despois de observar o incumprimento da promesa do Goberno galego aos sectores agrarios en marzo do ano 2022, no que non destinaron nin un só euro de axudas con fondos propios ao sector, asistimos a unha nova promesa de axudas directas realizada a poucas datas da celebración das eleccións municipais deste 2023. A credibilidade do Goberno galego é pouca e se existe esa preocupación real polo sector de carne de vacún e o seu futuro, deberían de implementar con axilidade as axudas prometidas para paliar a preocupante situación que viven as explotacións de carne de vacún de Galicia e facelo para todos os produtores, non só os de “suprema”.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai o Goberno galego cumprir o acordo cos produtores de *Tenera Galega* tralas mobilizacións dos gandeiros ás portas da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo e implementar unha partida de 12 millóns de euros de fondos propios do Goberno galego para convocar unha liña de axudas directas que complementen o prezo do quilo de carne de tenreira certificada nun euro por quilo?
2. No caso de facelo, esta liña de axudas só será aplicable para a carne de tenreira galega suprema?



3. Se o incremento de custos afecta a todas as explotacións de vacún e os prezos que se pagan á carne que non é de “suprema” tamén é insuficiente para cubrir os custes de produción, ¿vai o Goberno galego deixar sen axudas á carne que non sexa de “suprema”?

4. En que data poderán os gandeiros e gandeiras solicitar esta axuda?

Parlamento de Galicia, 14 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 14/06/2023 17:04:09

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/06/2023 17:04:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

ASPANAS é unha asociación de familiares de persoas con discapacidade intelectual de Ourense. Esta entidade sen ánimo de lucro creouse no ano 1966 e foi declarada de interese público en 1970.

Na actualidade contan con problemas urxentes nas súas instalacións, xa que se atopan ao límite da habitabilidade tendo en conta as temperaturas extremas que caracterizan a Ourense. Por esta e outras causas, ASPANAS elaborou un proxecto no que se detallan as necesidades urxentes para que as persoas usuarias poidan vivir en condicións dignas dentro das propias instalacións. Solicitude que presentou ante a Xunta de Galicia por rexistro electrónico con data 4 de outubro do 2022.

Esta circunstancia unida aos retrasos do CAPD, fai que as persoas con discapacidade na provincia de Ourense teñan un baleiro de atención respecto aos seus dereitos.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente que se prioricen as políticas de atención para as persoas con discapacidade na provincia de Ourense.

Por unha banda apoiando dende a Consellería de Política Social o proxecto urxente que requiren as instalacións de ASPANAS, e por outra axilizando as obras do CAPD e garantindo publicamente a futura xestión pública e directa do centro tal e como prometeu a Xunta no acordo asinado no 2016.



Ademais é importante que a cidadanía galega coñeza con detalle a xestión dos fondos europeos respecto ao reparto que fai a Xunta de Galicia. Xa que, por exemplo, no ámbito da discapacidade parece que hai lugares que recibiron importantes fondos que non poden executar por outro tipo de impedimentos que deberan ser coñecidos con antelación. Polo que de ser así, o Goberno galego debiera informar de todos os detalles e de como o resolverán.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Son coñecedores dende o Goberno galego do estado das instalacións de ASPANAS?
2. Teñen previsto algún tipo de plan ou medida para reverter a situación das instalacións neste centro?
3. Avaliaron dende a Xunta de Galicia a temperatura que se alcanza dentro do centro en verán, ou da auga que entra cando chove?
4. Considera a Xunta de Galicia que as instalacións do centro de ASPANAS responden a unha vivenda ou ámbito residencial digno para as persoas con discapacidade?

Santiago de Compostela, 15 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 15/06/2023 17:00:35





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2023 17:05:21
Nº Rexistro: 54500
Data envío: 15/06/2023 17:05:21.816

Julio Torrado Quintela na data 15/06/2023 17:00:48

CSV: BOPGDSPG-B3EibO8qf-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
197815

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Luis Bará Torres e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á persistencia de déficits de persoal nos PACs das áreas sanitarias Pontevedra-Salnés e Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo estase a producir unha situación moi preocupante nos Puntos de Atención Continuada (PAC) da área sanitaria de Vigo e Pontevedra-Salnés, con “descubertos” de persoal médico en moitos centros.

Os PAC son centros que deben asegurar a atención urxente entre as 15:00 e as 8:00 horas en días laborábeis e de 8:00 a 8:00 durante as fins de semana e os festivos, polo que son considerados servizos esenciais.

O BNG ven denunciando esta problemática dende hai tempo, tendo sido o verán do 2022 especialmente grave, ao terse producido situacións de quendas enteiras nas que moitos PAC estiveron sen ningún médico, e todo indica que este verán vai repetirse a situación.

É lamentábel que a pesares da persistencia do problema a Xunta non tome as medidas estruturais para solucionalo e persista no deterioro das condicións de traballo nos PAC, convertendo en norma que teñan menos persoal do que está establecido, cunha repercusión directa na peor atención sanitaria urxente á poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Cal é a planificación do Sergas para evitar os déficits de profesionais nos PACs?

. Considera o Goberno galego que é aceptábel a situación dos PACs nas áreas de Pontevedra-Salnés e Vigo?

. Que medidas vai tomar para garantir que nos PACs presten atención sanitaria equipos completos de profesionais, no número preciso acorde á poboación de referencia, formados por persoal facultativo, enfermería e celadoras/es ou PSX tal como establece a normativa e os acordos asinados c@s profesionais?

. Coida que @s profesionais poden desenvolver a súa labor e prestar unha óptima calidade asistencial na situación de sobrecarga e presión na que traballan?

. Cal é o plan de continxencias previsto para solucionar a situación?

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Manuel Lourenzo Sobral

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/06/2023 17:50:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/06/2023 17:50:16

Carmela González Iglesias na data 15/06/2023 17:50:23

Alexandra Fernández Gómez na data 15/06/2023 17:50:28

María Montserrat Prado Cores na data 15/06/2023 17:50:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Marina Ortega Otero e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A suba dos prezos, que foi máis alta en Galicia que no conxunto do Estado, dificulta ás familias galegas manter a súa capacidade adquisitiva, ata o punto de que moitas delas teñen grandes dificultades para chegar a fin de mes. É por iso que o grupo socialista demandou e demanda ao goberno da Xunta un paquete de medidas económicas para dar apoio ás familias galegas, ao tempo que ten denunciado a falta de medidas da Consellería de Economía para apoiar ás familias de Galicia ante as dificultades existentes.

Mais dentro do conxunto das familias galegas, hai algunhas que teñen máis dificultades e que requiren dun plan de apoio específico pola súa vulnerabilidade. É o caso das familias que teñen integrantes con algún tipo de discapacidade, pois teñen que facer fronte a desembolsos adicionais como froito do crecemento dos prezos. A metade destas familias galegas chega a fin de mes con dificultades e, o que é máis grave, o 15,6% das mesmas non chegan a fin de mes. A situación de vulnerabilidade pode ser máxima.

Datos recentes estiman que o 80 % das familias galegas con integrantes que padecen algunha discapacidade tivo que recortar gastos no último ano: o 17,6 % destas familias optou por baixar os gastos en vivenda, subministros ou alimentos, mentres o 62,5 % reduciu en cuestións como compras ou ocio. Así o conclúe un estudo da compañía Adecco, que tamén sinala que o 38,4 % destas familias carecen de calquera posibilidade de aforro.



O goberno da Xunta debería estudar a situación destas familias e tomar todas as medidas necesarias para apoialas.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas vai tomar o goberno da Xunta de Galicia para apoiar o consumo e a economía das familias con integrantes que padecen algunha discapacidade cando teñen dificultades para chegar a fin de mes pola suba dos prezos?

Santiago de Compostela, 14 de xuño do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/06/2023 18:22:43

Marina Ortega Otero na data 15/06/2023 18:22:57

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/06/2023 18:23:08



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

